



Reglamentación tempada 2023



Índice xeral

I) FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO.....	3
1.1. Histórico de Presidentes da Federación Galega de Atletismo.....	5
1.2. Xunta Directiva da FGA.....	6
1.3. Asemblea Xeral da FGA.....	7
1.4. Comisión Delegada da FGA.....	9
1.5. Outras comisións.....	10
1.5.1. Comisión de Atletas (Asemblea).....	10
1.5.2. Comisión de Atletas Máster.....	10
1.5.3. Comisión de Adestradores (Asemblea).....	10
1.5.4. Comisión de Clubs (Asemblea).....	10
1.5.5. Comisión de Xuíces (Asemblea).....	11
1.5.6. Comité Galego de Xuíces.....	11
1.5.7. Comité Técnico da FGA.....	11
1.5.8. Comité sobre a Prevención, Detección e Actuación ao acoso sexual.	12
1.6. Estrutura da Oficina da FGA	13
1.7. Ámbito Competencial da FGA.....	18
1.8. Responsabilidade da Xunta Directiva da FGA.....	19
II) DISPOSICIÓNS PRELIMINARES.....	20
III) COMPETICIÓNS AUTONÓMICAS.....	24
3.1. Calendario de competicións da FGA Tempada 2023.....	24
3.2. Normativa Xeral de Competicións Oficiais.....	29
3.2.1. Categorias da Tempada 2023.....	29
3.2.2. Normas de participación.....	30
3.2.3. Normas de competición.....	32
3.2.4. Normativa de Competición para Probas Mixtas en Pista.....	34
3.2.5. Normas de participación nos Campionatos de Galicia.....	35
3.2.6. Inscripcións e Participación en Campionatos de Galicia.....	36
3.2.7. Varios sobre Competición.....	38
3.2.8. Relativos á competición.....	39
3.2.9. Responsabilidades dos organizadores.....	40
3.2.10. Normas a seguir ante unha reclamación.....	42
3.2.11. Publicidade dos sponsors oficiais nos campionatos.	43
3.2.12. Normativa do vestiario da selección galega.	43
3.2.13. Normas finais.....	44
3.3. Regulamentación de Campo a Través, Trail, Marcha, Ruta e Pista	45
3.3.1. Trail.....	45
3.3.2. Campo a Través.....	45
3.3.3. Normas xerais de Pista Cuberta.....	45
3.3.4. Normas xerais de Pista ao Aire Libre.....	49
3.4. Normativa específica de Master.....	53
3.4.1. Normas Xerais.....	53
3.5. Campionatos de Galicia a celebrar.....	56


I. FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO

O día 27 de marzo de 1921 se celebra nos salóns da Sociedade Coral La Oliva (Vigo) a asemblea constituínte da Federación Galega de Atletismo, un ano despois da constitución da Real Federación Española de Atletismo cuxa denominación inicial foi Federación Atlética Española. A primeira Xunta Directiva estivo integrada polas seguintes persoas: Enrique Bantle (Presidente); Guillermo Bachmam (Vicepresidente); Joaquín Freijeiro (Secretario); José Fernández (Vicesecretario); Manuel Domínguez (Tesoureiro Contador); Antonio Guiñas (Vogal); Luis Loño (Vogal). Dende entón, a FGA tivo 18 presidentes electos.


NOME	Data da alta	Data da baixa
Enrique BANTLE	1921	1924
Joaquín RODRÍGUEZ DE LAS CUEVAS	1924	1927
Manuel DE CASTRO GONZÁLEZ	1927	1928
Tomas MIRAMBELL MARISTANY	1928	1928
Joaquín FREIJEIRO SUÁREZ	1928	1929
Juan BALIÑO LEDO	1929	1931
Ángel BERNÁNDEZ LOSADA	1931	1933
Disolución da FGA	1933	
Cipriano A. BRAÑA MERINO	1934	1935
Enrique GARCÍA RINCÓN	1935	1935
Secundino ÁLVAREZ TOMÉ	1935	1941
Rafael PICÓN CAÑETE	1941	1944
Avelino GARCÍA FERNÁNDEZ	1944	1944
Faustino ÁLVAREZ ÁLVAREZ	1944	1947
Cristino ÁLVAREZ HERNANDEZ	1947	1957
Ramón VIDAL BARJA	1957	1958
División en Federacións Provinciais	1958	
Sergio VÁZQUEZ GÓMEZ	1984	2007
Isidoro HORNILLOS BAZ	2007	2022
Iván Pablo SANMARTÍN CARREIRA	2022	Actualidade

Corresponde ao presidente da Federación Galega de Atletismo, segundo os estatutos actuais, as seguintes funcións e atribucións:

- Ostentar a representación legal da FGA, ante os membros integrantes da Federación e ante toda clase de autoridades, organismos, tribunais, entidades, corporacións e particulares.
- Convocar e presidir os órganos de goberno e representación da FGA con voto de calidade en caso de empate na adopción de acordos, e executar os mesmos, asumindo a presidencia dos devanditos órganos.
- Estimular e coordinar a actuación dos distintos órganos federativos.
- Ordenar os pagos a nome da federación, asinando coa tesoureira, ou secretario xeral ou persoa expresamente designada polo presidente para substituílos.
- Coidar de que os órganos federativos axusten a súa actuación ao disposto nos Estatutos e nos Regulamentos que os desenvolven.



- f) Conferir poderes especiais ou xerais a letrados, procuradores ou calquera outra persoa mandataria para que ostente a súa representación legal, tanto en xuízo como fóra del.
- g) Convocar a Asemblea Xeral, a súa Comisión Delegada, a Xunta Directiva e os demais órganos complementarios dos de goberno, que presidirá.
- h) Nomear e cesar ós/as Delegados/as das Delegacións da FGA.
- i) Designar ao/a Secretario/a Xeral e ao/a Tesoureiro/a.
- j) Designar e cesar ós/as membros da Xunta Directiva e dos demais órganos non electivos da FGA e crear e suprimir órganos, comisións o comités e nomear e cesar os/as seus/súas membros.
- k) Proponer á Comisión Delegada da Asemblea Xeral:
 - 1. A modificación do calendario deportivo
 - 2. A modificación dos orzamentos
 - 3. A aprobación e modificación dos regulamentos
- l) Ademais todas aquelas atribucións conferidas por todos os órganos superiores de goberno e as que se deriven dos presentes Estatutos e as Leis.



1.1. Histórico de Presidentes da FGA



1.2. Xunta Directiva da FGA

A Xunta Directiva é o órgano colexiado de xestión da FGA así como de asistencia ao Presidente, sendo os seus membros designados e revogados libremente polo Presidente da Federación, que a presidirá.

A Xunta Directiva da FGA comporase a criterio do Presidente, por un número de membros non inferior a 5 nin superior a 20, incluído el mesmo, dos que todos terán voz e voto agás os cargos remunerados que terán voz pero non voto.

CARGO	Nome
Presidente da FGA	Iván Pablo Sanmartín Carreira
Vicepresidente	Eladio Gómez Rosales
Vogal	Jesús Vázquez Tallón
Vogal	José Manuel Ruiz Pérez
Vogal	José Antonio Bazán Arcay
Vogal	Alfonso López Menduiña
Vogal	Luis Gómez Fiaño
Vogal	Fco. Javier Campos Suárez
Vogal	Ramón Tasende Díaz
Vogal	Mayka Jueguen Lago
Vogal	José Domínguez Caballero
Vogal	David Ferrer Fernández
Vogal	Mario González Rodríguez
Vogal	Guillermo Sandino Leira
Secretario Xeral (sen voto)	Carlos Castro Vicente
Tesoureira (sen voto)	Yolanda González Fernández

É competencia da Xunta Directiva:

- Preparar os relatorios e documentos que sirvan de base á Comisión Delegada da Asemblea para que a mesma exerza as funcións que lle corresponden.
- Preparar os relatorios e documentos que sirvan de base á Asemblea Xeral, para que a mesma exerza as funcións que lle corresponden.
- Preparar relatorios e documentos á Comisión Delegada, para a aprobación dos Regulamentos internos da FGA e os relativos á os Órganos, Comisións, Comités e Escola Galega de Adestradores
- Propoñer o traslado de domicilio da FGA dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Elaboración do proxecto do orzamento da FGA para a súa presentación á Asemblea Xeral, previo paso pola Comisión Delegada
- Colaborar co/a Presidente/a na dirección económica, administrativa e deportiva da FGA e na execución dos acordos dos demais órganos colexiados superiores de goberno e representación da mesma.
- Aprobar o balance de gastos e ingresos das distintas actividades que desenvolvan os distintos Órganos, Comités, Comisións e Escola Galega de Adestradores
- Estudar e redactar as propostas que se teñan que someter á Asemblea Xeral
- Aprobar os textos das bases de competición específicas.
- Aprobar as sedes de celebración dos Campionatos de Galicia
- Regular a concesión de distincións, honores e recoñecementos

1.3. Asemblea Xeral da FGA

A Asemblea Xeral da FGA está integrada por 65 membros, incluído o seu presidente:

- Os 42 representantes de clubs. Circunscrición provincial (19 de A Coruña; 7 de Lugo; 6 de Ourense e 10 de Pontevedra).
- Os 12 representantes de atletas. Circunscrición provincial (6 de A Coruña; 1 de Lugo; 2 de Ourense e 3 de Pontevedra).
- Os 2 representantes de atletas DGAN. Circunscrición autonómica.
- Os 4 representantes de adestradores. Circunscrición autonómica.
- Os 4 representantes de xuíces. Circunscrición autonómica.

Membro	Circunscrición	Representante
Presidente da FGA		Iván Pablo Sanmartín Carreira
Representante de clubs	A Coruña	Ames Atletismo
Representante de clubs	A Coruña	AAD do Barbanza
Representante de clubs	A Coruña	Atlética A Silva
Representante de clubs	A Coruña	Club Atlético Bergondo
Representante de clubs	A Coruña	Club Atletismo Brion-Hyupersa
Representante de clubs	A Coruña	Club Atletismo Fontes do Sar
Representante de clubs	A Coruña	Club Atletismo Millaraio
Representante de clubs	A Coruña	Club Atletismo Narón
Representante de clubs	A Coruña	Club Atletismo Negreira
Representante de clubs	A Coruña	Club Atletismo Noia
Representante de clubs	A Coruña	Club Atletismo Pino
Representante de clubs	A Coruña	Club Atl. Ría Ferrol - CA.
Representante de clubs	A Coruña	Club Atletismo Riazor Coruña
Representante de clubs	A Coruña	Club Atletismo Santiago
Representante de clubs	A Coruña	Club Atletismo Sar
Representante de clubs	A Coruña	Club Compañía de María A C
Representante de clubs	A Coruña	Club Marineda Atlético
Representante de clubs	A Coruña	La Mochila del Deporte
Representante de clubs	A Coruña	Noitebra F.C.
Representante de clubs	Lugo	A Gándara
Representante de clubs	Lugo	C. Atletismo Friol
Representante de clubs	Lugo	C. Atletismo Lucus Caixa RG
Representante de clubs	Lugo	C.P. Maristas Lugo
Representante de clubs	Lugo	E.A. Lucense
Representante de clubs	Lugo	E.D. Lourenzá
Representante de clubs	Lugo	Lugo Running Club
Representante de clubs	Ourense	A.D.Atlética do Sil (ADAS)
Representante de clubs	Ourense	A.D. Limiactivia
Representante de clubs	Ourense	C.D. Aurum
Representante de clubs	Ourense	C. Ourense Atletismo
Representante de clubs	Ourense	E.A.P.-Ben Cho Shey
Representante de clubs	Ourense	Ourenrunning



Representante de clubs	Pontevedra	A. Víguesa de Atletismo
Representante de clubs	Pontevedra	Atletismo Porriño
Representante de clubs	Pontevedra	C.A. A Estrada
Representante de clubs	Pontevedra	C.A. San Miguel de Marín
Representante de clubs	Pontevedra	C.D. Pinarium
Representante de clubs	Pontevedra	Comesaña Sporting Club
Representante de clubs	Pontevedra	R. C. Celta de Atletismo
Representante de clubs	Pontevedra	S. Atlético Val Miñor
Representante de clubs	Pontevedra	S. Gimnástica de Pontevedra
Representante Adestradores		Juan Luis Trillo Caamaño
Representante Adestradores		Marina Abruñedo Guillán
Representante Adestradores		Ángel Fidalgo Vázquez
Representante Adestradores		Óscar José Seoane Vázquez
Representante de Xuíces		Eloy Bretal Cancelas
Representante de Xuíces		Angel López-Montesinos V.
Representante de Xuíces		Concepción Pérez Cerdeira
Representante de Xuíces		Guillermo Sandino Leira
Representante Atletas	A Coruña	Javier Abad Blanco
Representante Atletas	A Coruña	Fco. Javier Campos Suárez
Representante Atletas	A Coruña	Carlos Fraga Adrio
Representante Atletas	A Coruña	Esther Pedrosa Carrete
Representante Atletas	A Coruña	Francisco Sanmarco Santos
Representante Atletas	A Coruña	Rebeca Soto Viñas
Representante Atletas	Lugo	Marta Sureda González
Representante Atletas	Ourense	Diego Ares Tapia
Representante Atletas	Ourense	Martín Míguez Seara
Representante Atletas	Pontevedra	Ester Navarrete Santana
Representante Atletas	Pontevedra	João Alexandre Ribeiro Fontela
Representante Atletas	Pontevedra	Adolfo A. Sainz-Maza Vilar
Representante Atletas DGAN		Lidia Parada Santos
Representante Atletas DGAN		Jairo Salgueiro Montero

A Asemblea Xeral Ordinaria terá a competencia nas seguintes materias:

- Aprobación do calendario deportivo, bases e regulamentos xerais das competicións, e memoria das actividades anuais.
- Aprobación da liquidación do Orzamento do exercicio anterior.
- Aprobación do proxecto de Orzamento do exercicio seguinte, en reunión a celebrar no trimestre que determine a lexislación vixente.
- Análise, e no seu caso aprobación das propostas presentadas pola Xunta Directiva e os/as membros da Asemblea Xeral, presentadas na forma e condicións que regulamentariamente se determinen.
- A aprobación do gravame ou alleación dos bens inmoables da FGA, cando o importe da operación sexa igual ou superior ao 10% do seu orzamento ou 55.000 euros. Este acordo necesitará un mínimo de 2/3 dos/as votantes presentes.

As materias enumeradas baixo os apartados a), b) e c), deberán ser tratadas preceptiva e inescusablemente unha vez ao ano en Asemblea Xeral Ordinaria. A documentación relativa ós apartados a), b) e c) deberá ser enviada ós membros da Asemblea Xeral, polo menos, con sete días de antelación á data de celebración.

1.4. Comisión Delegada da FGA

Os membros da Comisión Delegada foron elixidos entre os integrantes da Asemblea Xeral, ata un total de dez integrantes, incluído o presidente da FGA, gardándose a seguinte proporción:

- Un terzo debe corresponder a entidades deportivas ou clubs (tres membros)
- Un terzo corresponderá aos demais estamentos: atletas, adestradores e xuíces (tres membros).
- Un terzo da comisión delegada debe ser designado polo titular da presidencia da federación (tres membros).

Membro	Representante
Presidente da FGA	Iván Pablo Sanmartín Carreira
Representante de clubs	Club ADAS CUPA
Representante de clubs	Club Atletismo Narón
Representante de clubs	Club Atletismo Negreira
Representante de clubs	Club Atletismo Santiago
Representante de clubs	Ourense Atletismo
Representante de clubs	S. Gimnástica de Pontevedra
Representante de atletas	Carlos Fraga Adrio
Representante de adestradores	Ángel Fidalgo Vázquez
Representante de xuíces	Eloy Bretal Cancelas

A Comisión Delegada da Asemblea Xeral reunirse como mínimo, unha vez cada catro meses, e terá as seguintes competencias:

- A Elaboración dun informe previo á aprobación do orzamento do exercicio seguinte.
- O seguimento da actividade atlética e xestión económica da FGA.
- A modificación do calendario atlético.
- A modificación do orzamento
- A aprobación e modificación dos regulamentos da FGA.
- Autorizar o gravame ou alleamento dos bens inmoables da FGA, sempre que o importe da operación sexa inferior ao 10% do seu orzamento ou 55.000 euros. Este acordo precisará un mínimo de 2/3 dos votos presentes.
- A Asemblea Xeral poderá encomendar expresamente á Comisión Delegada calquera outra cuestión que non sexa competencia exclusiva da mesma.

A proposta sobre os asuntos numerados baixo os apartados c), d) e e) corresponden exclusivamente ao presidente/s da FGA ou ós dous terzos dos/as membros da Comisión Delegada.

1.5. Outras comisións

As seguintes comisións forman parte dos órganos de funcionamento da Federación Galega de Atletismo. Reuniranse con carácter ordinario, polo menos, unha vez ao ano. Tódolos presidentes dos comités ou comisións serán nomeados e cesados libremente polo/a Presidente/a da FGA.

Os Órganos, Comisións, Comités e Escola Galega de Adestradores son órganos consultivos da FGA e informarán á Xunta Directiva de todos os acordos. Así mesmo, as Comisións e Comités poderán formular propostas á Xunta Directiva para a súa consideración pola Asemblea Xeral.

O/A Secretario/a Xeral e o Tesoureiro/a da FGA, o serán tamén dos distintos órganos de goberno, Comisións, Comités e Escola Galega de Adestradores, podendo delegar as súas funcións.

1.5.1. Comisión de Atletas da FGA (Asemblea)

Membro	Representante
Presidente	Pendente
Vogal	Pendente
Vogal	Pendente
Vogal	Pendente
Vogal	Pendente
Vogal	Pendente
Vogal	Pendente

1.5.2. Comisión de Atletas Máster da FGA

Membro	Representante
Presidente	Pendente
Vogal	Pendente
Vogal	Pendente
Vogal	Pendente
Vogal	Pendente
Vogal	Pendente
Vogal	Pendente
Vogal	Pendente

1.5.3. Comisión de Adestradores da FGA (Asemblea)

Membro	Representante
Presidente	Pendente
Vogal	Pendente
Vogal	Pendente
Vogal	Pendente

1.5.4. Comisión de Clubs da FGA (Asemblea)

Membro	Representante
--------	---------------



Presidente	Pendente
Vogal	Pendente
Vogal	Pendente
Vogal	Pendente
Vogal	Pendente
Vogal	Pendente
Vogal	Pendente
Vogal	Pendente

1.5.5. Comisión de Xuíces da FGA (Asemblea)


Membro	Representante
Presidente	Pendente
Vogal	Pendente
Vogal	Pendente
Vogal	Pendente

1.5.6. Comité Galego de Xuíces

CARGO	Nome
Presidente	Eloy Bretal Cancelas
Vicepresidente	Ángel López-Montesinos Vázquez
Secretario	Guillermo Sandino Leira
Vogal Delegación A Coruña	Rocío López Schmidt
Vogal Delegación Lugo	Jesús Rivas Prado
Vogal Delegación Ourense	Manuel Garrido Toro
Vogal Delegación Pontevedra	Estefanía Acuña García
Vogal Delegación Ferrol	Begoña Rodríguez Quintía
Vogal Delegación Santiago	María José Barbazán Sueiro
Vogal Delegación Vigo	Mª Concepción Pérez Cerdeira
Vogal Delegación Valdeorras	Montserrat Barrio Rodríguez
Asesor de saídas	Manuel Garrido Toro
Asesor de ruta	Jorge Blanco Chao
Asesor de Foto Finish	Ignacio Rego Tesouro
Asesor formación Foto Finish	Rubén Martínez Vega
Asesor de marcha	Mª Dolores Rojas Suárez
Asesor de medición indirecta	Guillermo Sandino Leira
Asesor de dirección técnica	Ángel López-Montesinos Vázquez

1.5.7. Comité Técnico da FGA

CARGO	Nome
Director Técnico	Carlos Castro Vicente
Secretario Técnico	Julio Santiago Freijanes
Responsable de velocidade	José Carlos Tuñas Dugñol



Responsable de valados	José Vicente Veiga Doldán
Responsable medio fondo e fondo	Santiago Saco Rivera
Responsable medio fondo e fondo-menores	Óscar José Soane Vázquez
Responsable de lanzamentos	Raimundo Fernández Vázquez
Responsable de lanzamentos-martelo	José Manuel Hermida García
Responsable lanzamentos-menores	José Domínguez Caballero
Responsable de marcha	Carlos Morales Velasco
Responsable saltos horizontais e verticais	Julio Santiago Freijanes
Responsable salto con pértiga	Antonio Fernández Costas
Responsable Trail Running	Iván Sangiao Darriba
Responsable Probas Combinadas	Julio Santiago Freijanes

1.5.8. Comité sobre a Prevención, Detección e Actuación fronte ao acoso laboral e sexual, a discriminación e o abuso sexual da FGA

CARGO	Nome
Delegada (Presidenta da Comisión)	Pendente
Vogal (Asesora)	Pendente
Secretario (Asesor)	Carlos Castro Vicente

1.6. Estrutura, persoal e función do persoal da FGA

I. ÁREA DE SECRETARÍA XERAL

Posto de traballo: Secretario/a Xeral da FGA

Responsable: **Carlos Castro Vicente**

Formación: Licenciado en C.C. da Educación Física e Diplomado en Maxisterio na especialidade de Educación Física.

Vinculación co atletismo: Ex atleta, velocista.

Correo electrónico: secretaría@atletismo.gal

Principais funcións:

- Fedatario e asesor da FGA.
- Preparación e despacho dos asuntos así como a dirección e organización das funcións administrativas.
- Redacción das actas e a custodia destas e dos arquivos da federación, o control e fiscalización interna da xestión económica-financeira e orzamentaria.
- Informar verbalmente ou por escrito, contestando ás consultas que se lle fagan sobre os asuntos pendentes nos órganos da FGA e dos que forma parte e das reunións que celebren os distintos órganos Federativos.
- Expedir as certificacións da FGA.
- Coordinar a actuación dos distintos órganos da FGA.
- Emitir os informes que lle soliciten.
- As funcións que lle encomenden as normas regulamentarias da FGA, ou lle sexan delegados polo Presidente da mesma.



II. ÁREA DE ADMINISTRACIÓN E CONTABILIDADE

Posto de traballo: Tesoureira e contable da FGA

Responsable: **Yolanda González Fernández**

Formación: Licenciada en A. y D. de Empresas

Vinculación co atletismo: Ex atleta, velocista

Correo electrónico: secretaría@atletismo.gal

Principais funcións:

- Contabilizar: facturas de provedores; cobros; pagos; nóminas; impostos, caixas das delegacións, persoal das delegacións e sede central; asentos bancarios.
- Emitir e remitir as facturas electrónicas de licenzas federativas.
- Remesas de pagos
- Transferencias de pagos
- Cadrar todos os movementos das contas bancarias
- Peches mensuais (control da situación financeira)
- Pedido do material oficina
- Xestións cos bancos, contratos, seguridade social e facenda
- Seguimento das subvencións: solicitudes e xustificación
- Control de facturas pendentes de pago e cobros
- Envío de escritos o comunicacións sedes electrónicas
- Envío licencias do día a compañía aseguradora



- Preparación dos informes: presidente, Asemblea Xeral, Xunta Directiva e Comisión Delegada
- Xestión de contratos e convenios coas administracións públicas
- Certificados de Facenda de xuíces, persoal e atletas

Posto de traballo: Administrativa da FGA.

Dolores Rojas Suárez

Formación: Licenciada en Psicología na rama social e Máster en Xestión de Entidades Deportivas.

Vinculación co atletismo: Ex atleta, xuíz internacional

Correo electrónico: xestion@atletismo.gal

Principais funcións:

- Responsable da tramitación de licenzas.
- Responsable de todos os informes estatísticos da FGA
- Persoa de contacto ante a RFEA e o Comité Nacional de Xuíces
- Funcións administrativas no CGX:
 - Xestión da comunicación de designacións dos diferentes postos no xurado.
 - Elaboración de circulares, regulamentos e outros documentos do CGX.
 - Elaboración das actas e memorias do CGX.
 - Loxística das actividades do CGX
 - Colaboración na xestión diaria das competicións incluíndo as peticións de xuíces entre delegacións.
- Xestionar os viaxes e desprazamentos do persoal federativo, do CGX e das seleccións galegas.
- Departamento de Asuntos Económicos:
 - Solicitar ás Delegacións da FGA sobre os gastos xerados nas probas celebradas no ámbito de cada unha delas.
 - Pagar os desprazamentos e dietas aos membros do CGX previa recepción do impreso e xustificantes.
 - Pago ás delegacións daqueles conceptos miúdos, tales coma persoal de montaxe ou similares.
 - Subida á plataforma de carreiras galegas dos xurados.
- Asesorar ao Presidente, Dirección Técnica, Xerencia e Secretaria Xeral en cuestións técnicas tanto de ruta coma de pista



Posto de traballo: Administrativa da FGA.

Almudena Míguez Moreno

Formación: Licenciada en Administración e Dirección de Empresas.

Vinculación co atletismo: Ex atleta, xuíz

Correo electrónico: administracion@atletismo.gal

Principais funcións:

- Recepcionar e realizar chamadas asesorando a clientes/organizadores en relación á contratación de probas de ruta/pista así coma resolver dúbidas dos /as atletas.



- Realizar orzamentos, emitir facturas, así coma o envío das mesmas por e.mail ou correo ordinario aos organizadores e delegados federativos.
- Facer o seguimento de probas de ruta e pista, control de facturas pendentes de pago e cobros, apoio á Tesourería en xestións varias, e apoio e coordinación nas tarefas das delegacións, así como Xestión Ficha Control Económico.
- Realizar xestións co Seguro de Accidentes Deportivo.
- Controlar a inclusión de probas en calendario en apoio á Dirección Técnica
- Realizar os Certificados Circuitos de Carreiras Populares
- Apoiar a Carreiras Galegas segundo necesidades do departamento.
- Realizar o envorcado de xurados á plataforma
- Xestionar o stock material xuíces.
- Xestionar o correo e facturas da FGA.

III. ÁREA DEPORTIVA

Posto de traballo: Director Técnico da FGA

Responsable: **Carlos Castro Vicente**

Formación: Licenciado en C.C. da Educación Física e Diplomado en Maxisterio na especialidade de Educación Física.

Vinculación co atletismo: Ex atleta, velocista

Correo electrónico: secretaria@atletismo.gal

Principais funcións:

- Elaborar e coordinar o calendario.
- Elaborar as circulares técnicas dos campionatos, seleccións e concentracións.
- Elaborar as normas técnicas.
- Contactar e facer o seguimento dos atletas e adestradores.
- Coordinar o programa XOGADE da Xunta de Galicia.
 - Coordinar as datas conxuntamente cos servizos provinciais
 - Supervisar os resultados e clasificacións.
- Revisar, aceptar e rexeitar as inscricións dos Campionatos de Galicia
- Asistir e supervisar os Campionatos de Galicia.
- Preparar informes para o presidente, Asemblea Xeral, Xunta Directiva e Comisión Delegada.
- Asistir ás asembleas xerais e as reunións da Xunta Directiva, Comisión Delegada, Comisión Escolar, Comisión de Clubs e Comité Máster.
- Coordinar cas delegacións e concellos a organización dos Campionatos de Galicia.
- Valorar as solicitudes do CGTD e seguimento dos atletas becados.
- Persoa de contacto co concello de Coruña das probas C10, C21, C42 e G.P. Cantones-Sergio Vázquez de Marcha Atlética.
- Contacto e coordinación do Circuito Deputación de A Coruña:
- Nomear os integrantes do Comité Técnico da FGA.
 - Contacto e coordinación cos responsables dos sectores que compoñen o comité técnico.
 - Elaborar estratexias para o mellor funcionamento dos sectores.
- Decidir as Seleccións de Galicia: selección de atletas, coordinación dos viaxes, control da equipación, asistencia ás competicións.



- Diseñar e coordinar o Plan Galego de Tecnificación.

IV. ÁREA DEPORTIVA

Posto de traballo: Director de Carreiras Galegas

Responsable: **Carlos Castro Vicente**

Formación: Licenciado en C.C. da Educación Física e Diplomado en Maxisterio na especialidade de Educación Física.

Vinculación co atletismo: Ex atleta, velocista

Correo electrónico: info@carreirasgalegas.com

Principais funcións:

- Revisar todos os regulamentos de todas as carreiras en ruta que son publicadas.
- Coordinar a loxística das carreiras en ruta do calendario da FGA, atendendo as necesidades de organizadores ou delegados.
- Atender novos recursos de realización das webs da FGA.
- Acadar os recursos necesarios para a xestión das carreiras en ruta da FGA.
- Controlar e facer seguimento das pasarelas de inscricións de carreirasgalegas.com.
- Resolver incidencias dos diferentes usuarios de carreirasgalegas e información adicional.
- Contactar cos/coas organizadores/as de carreiras en ruta na xestión integral das súas carreiras, con trato profesional e personalizado.
- Contabilizar os datos de licenzas, de dorsais, chips, ingreso, etc. de todas as carreiras para a xestión de administración e contabilidade.
- Manter actualizado o canle de noticias, vídeos e fotografías das carreiras en ruta.
- Diseñar e confeccionar as listaxes de participación das probas en ruta de carreirasgalegas.com.



V. ÁREA CARREIRAS GALEGAS

Posto de traballo: Coordinador de Carreiras Galegas
Secretario técnico.

Responsable: **Julio Santiago Freijanes**

Formación: Estudante da Licenciatura C.C. da AF e do Deporte.

Vinculación co atletismo: Ex atleta, adestrador

Correo electrónico: carreirasgalegas@atletismo.gal

Principais funcións:

- Coordinador do departamento de carreiras galegas
- Secretario Técnico da FGA, asesoramento xeral da dirección técnica.
- Elaboración e programacións de competicións
- Tarefas comerciais e de asesoramento técnico a organizadores.
- Vídeo difusión en directo da FGA
- Control dos stocks de material, posta a punto do material necesario para os competicións (cronometraxe, megafonía... etc) e inventario do mesmo.
- Diseñar, confeccionar e imprimir os dorsais das probas galegas, e remitir aos organizadores.



- Pegado de chips e xerar arquivo excel para a súa de numeración.
- Elaboración de orzamentos e facturas de carreiras.
- Reflectir na plataforma de seguimento os datos das carreiras.
- Comprar o material necesario para satisfacer as demandas do atletismo galego.
- Asesorar ao Presidente, Dirección Técnica, Xerencia e Secretaria Xeral en cuestións técnicas tanto de ruta coma de pista

VI. ÁREA ESTADÍSTICA, RESULTADOS E INSCRICIÓNS

Posto de traballo: Director do departamento de estatística, resultados e inscricións.

Responsable: **Luís Gómez Fiaño**

Formación:

Vinculación co atletismo: Ex atleta, xuíz.

Correo electrónico: competicion@atletismo.gal

Principais funcións:



- Elaborar as plataformas de inscrición ISIS da RFEA, para todas as competición do calendario oficial da FGA.
- Facilitar as listaxes de inscritos á Dirección Técnica, e publicar as listaxes de inscritos admitidos e rexeitados.
- Actualizar as listaxes definitivas e envío do del enlace del programa de xestión de resultados á delegación respectiva, atendendo aos correos de esquecementos, erros, baixas dos clubs, para evitar o prexuízo aos atletas.
- Recepcionar os arquivos de resultados e posterior envío á RFEA, para manter actualizado o ránking de Galicia.
- Facer o seguimento de resultados de atletas galegos en Campionatos de España, probas internacionais e outras celebradas noutras autonomía
- Elaborar o cadro-resumo das actuación dos atletas galegos para Redes Sociais.
- Ranking Popular de probas en Ruta en Circuitos Homologados.
- Elaborar a Memoria Anual.
- Facer a Memoria resumo de toda a actividade da tempada Mantemento do apartado de estatística da páxina web <https://atletismo.gal/estadistica/>
- Asesorar á Secretaria Xeral na elaboración de certificados, relativos ás licenzas.

VII. ÁREA DE COMUNICACIÓN

Posto de traballo: Director/a de comunicación

Responsable: **Claudio Hornillos Baz**

Formación: Diplomado en Educación Física

Vinculación co atletismo: Ex atleta, xuíz

Correo electrónico: comunicacion@atletismo.gal

Principais funcións:



- Exercer de portavoz federativo sobre todas aquelas cuestións que sobre o departamento se delegase.
- Xestionar os procesos de comunicación que se xeren a nivel externo e a nivel interno.



- Protexer e xestionar a identidade corporativa da federación a nivel comunicativo .
- Dar seguimento comunicativo do atletismo nos distintos medios de comunicación autonómicos e nacionais nos que se atopen atletas galegos/os.
- Establecer mecanismos que posibiliten o achegamento da actividade e información xerada tanto á sociedade como aos distintos estamentos atléticos basicamente a través de:
 - A xestión das distintas RRSS dispoñibles e soportes dixitais
 - A xestión da páxina WEB da FGA
 - A través doutros medios de comunicación (casetas, exposicións, conferencias...)
- Elaborar a distinta cartelería dos Campionatos Galegos e demais probas do calendario oficial que así se requira.
- Elaborar e poñer en marcha estratexias comunicativas a través das plataformas dixitais
- Apoiar na redacción e posicionamento de artigos de opinión sobre temas clave.
- Elaborar dossiers dos distintos campionatos de Galicia e demais probas do calendario oficial que así se requira.

1.7. Ámbito Competencial da FGA

Funcións propias:

- 1) A FGA ten como función propia fundamental a de promover, facilitar, planificar, administrar e dirixir, con carácter exclusivo, a práctica do atletismo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- 2) A FGA, desempeña, respecto dos seus asociados, as funcións de tutela, control, coordinación e supervisión que lle recoñecen os presentes estatutos, as disposicións da RFEA, da WA e as normas legais de carácter deportivo.
- 3) A FGA é a única competente, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia para regulamentar, organizar, xestionar e controlar as competicións oficiais de atletismo. Son competicións oficiais federadas de ámbito autonómico aquelas que, realizándose en Galicia, sexan incluídas no calendario oficial.
- 4) A convocatoria das seleccións galegas de atletismo e a designación dos deportistas que as integren.
- 5) Colaborar coas administracións públicas e coa Real Federación Española de Atletismo, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción das súas respectivas modalidades.
- 6) Colaborar coa administración deportiva autonómica na execución dos plans e programas dos deportistas galegos de alto nivel.
- 7) De ser o caso, e conforme a normativa que sexa aplicable, colaborar e/ou organizar as competicións oficiais e actividades deportivas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 8) Elaborar os seus propios regulamentos deportivos.
- 9) Colaborar coa administración deportiva autonómica na formación de adestradores e xuíces segundo a normativa que sexa aplicable.

Funcións públicas delegadas. A FGA ademais das súas competencias propias de goberno, administración, xestión, organización e regulamentación do atletismo, exerce en réxime de exclusividade as seguintes funcións públicas delegadas:

- a) Cualificar e organizar no seu caso as actividades e competicións de ámbito autonómico. Para estes efectos, a organización de tales competicións enténdese referida á regulación do marco xeral das mesmas, segundo se estableza na normativa federativa correspondente.
- b) Promoción xeral do atletismo en todo o territorio da Comunidade Autónoma.
- c) Representar á Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas da súa modalidade, consonte a normativa que lle sexa aplicable.
- d) Organizar as competicións oficiais autonómicas federadas de atletismo
- e) Expedir licenzas deportivas para a práctica do atletismo nos termos establecidos nesta lei.
- f) Asignar as subvencións e as axudas de carácter público concedidas a través da federación e controlar que os seus asociados lles dean unha correcta aplicación.
- g) Garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno, así como dos demais dereitos e obrigas derivados do cumprimento dos seus respectivos estatutos.
- h) Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos por esta lei e polas súas disposicións de desenvolvemento, de acordo cos seus respectivos estatutos e regulamentos.
- i) Executar, de ser o caso, as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- j) Colaborar coas administracións públicas competentes na prevención, no control e na represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos, así como na prevención da violencia no deporte. Para estes efectos, e entre outras accións, a FGA instruirá e resolverá os expedientes sancionadores que no ámbito da dopaxe se substancien, consonte o establecido no título VIII da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia
- k) Calquera outra que regulamentariamente se determine.
- l) Calquera outra que lle sexan atribuída pola lexislación vixente.

1.8. Responsabilidade da Xunta Directiva da FGA

A organización de probas atléticas que non teñan o adecuado respaldo contable ou xeren un déficit non autorizado, implicará que o presidente da FGA e o resto de membros da Xunta Directiva serán persoalmente responsables de dita situación, fronte á propia federación, fronte aos seus membros ou fronte a terceiros, independentemente da responsabilidade disciplinarias que puideran contraer (Lei 3/2012 do Deporte de Galicia).

II. DISPOSICIÓN PRELIMINARES

Primeira. Cláusula de xénero

A Federación Galega de Atletismo (FGA) garante a igualdade efectiva de homes e mulleres como un dos seus principios básicos de actuación. A tal fin, menciónelas xenéricas en masculino que aparecen no articulado do presente Regulamento entenderanse referidas tamén ao seu correspondente feminino, salvo aqueles supostos en que especificamente fágase constar que non o é así.

Segundo. Cómputo de prazos

O concepto “tempada”, a efectos do presente Regulamento, abarca do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano correspondente, ambos inclusive. Para unha maior claridade, como norma xeral e exceptuándose exclusivamente aqueles supostos en que se indique expresamente o contrario, todos os prazos que fagan referencia a materias relacionadas coa organización das competicións computaranse nos termos previstos no artigo 30 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. No caso dos prazos expresados en días, aclárase que o son sobre días hábiles, excluíndose xa que logo do cómputo os sábados, domingos e os días declarados oficialmente festivos na cidade sé da central da FGA (A Coruña).

Terceiro. Licenza, disciplina, especialidade e proba atlética

1. O obxecto do presente Regulamento é regular a organización, participación, desenvolvemento e efectos clasificatorios das competicións organizadas, tuteladas ou recoñecidas pola Federación Galega de Atletismo (FGA),
2. Aos efectos do presente Regulamento, denomínase licenza FGA á licenza expedida pola Federación Galega de Atletismo.
3. Unha disciplina atlética é unha agrupación de varias especialidades atléticas, que teñen en común a forma en que se desenvolven atendendo ás habilidades ou destrezas requiridas e que poden adscribirse a unha ou varias subespecialidades deportivas.
4. Unha especialidade atlética é unha agrupación de varias probas atléticas, con características comúns ou similares, adscritas a unha mesma disciplina atlética.
5. Unha proba atlética é unha actividade deportiva, normalizada e regulamentada, recoñecida ou autorizada por World Athletics, a RFEA ou FGA, adscrita a unha especialidade atlética.
6. A FGA conta coas seguintes especialidades deportivas que se subdividen en subespecialidades:
 - a) Pista.
 - Pista Cuberta: celebradas en instalacións cubertas homologadas
 - Pista Ao Aire Libre: celebradas en instalacións abertas homologadas
 - b) Ruta (que inclúe todas as carreiras urbanas, de calquera distancia, como millas urbanas, 10 km, medio Maratón, Maratón, gran fondo, ultra Maratón, etc.).
 - c) Campo a través.



- d) Marcha.
 - Marcha en Ruta
 - Road Walking
- e) Trail running
 - Trail
 - Carreiras de Montaña
 - Trail walking
- f) Atletismo en praia.

Cuarto. Competición

A efectos do presente Regulamento considérase competición ao evento de atletismo que se celebra en Galicia ou resto de España, debidamente autorizado por World Athletics (WA), European Athletics (EA), a Real Federación Española de Atletismo (RFEA) ou pola propia Federación Galega de Atletismo e incluída no Calendario internacional, nacional, ou autonómico, no que se desenvolven, de xeito exclusivo ou principal, unha ou varias probas atléticas, con elaboración de clasificación, resultados finais e determinación de vencedores. As competicións poden celebrarse nunha soa xornada ou durante varias xornadas.

Cando a clasificación ou resultado dunha competición dea lugar á consecución dun título oficial, previamente establecido, a denominación desta será a de Campionato. Os organizadores de competicións que non reúnan esta condición evitarán utilizar a expresión "Campionato" na denominación das que organicen, a fin de evitar xerar confusión nos participantes, espectadores e medios de comunicación.

Carácter oficial ou non oficial. As competicións poderán ser oficiais e non oficiais.

1. **Son competicións oficiais** de atletismo as que a RFEA ou FGA cualifique como tales dentro das súas competencias, sen prexuízo daquelas que poidan selo polo Consello Superior de Deportes, Xunta de Galicia ou por mandato legal. O carácter oficial materialízase mediante a incorporación ao Calendario oficial RFEA ou FGA, aínda que é implícito cando a competición sexa autorizada ou recoñecida como tal polo órgano competente da Federación, a inscrición ou participación sexa federada e o seu resultado teña relevancia no marco clasificatorio ou competitivo RFEA ou FGA.

A cualificación como oficial destas competicións implica o seu reserva de nome, que non poderá ser utilizado para a celebración de calquera outra actividade salvo autorización expresa da FGA ou, no seu caso, da RFEA.

Estas competicións poderán ser organizadas pola FGA ou polas entidades indicadas neste regulamento. Nese caso este asumirá os dereitos, obrigacións e responsabilidades legalmente establecidas e as que consten no contrato ou convenio que se subscriba previamente ao efecto.

2. **Son competicións non oficiais** de atletismo as que, realizadas pola FGA no seu ámbito de competencia, non están incluídas na súa Calendario de competicións oficiais e non producen efectos clasificatorios nin de incorporación ao sistema común de organización competitiva oficial

do atletismo. Consisten nun evento ou un conxunto de eventos deportivos, puntuais ou esporádicos, organizados pola propia FGA ou por un terceiro designado, conveniado ou contratado con esta.

A FGA tamén poderá recoñecer, sen efectos clasificatorios nin asunción de responsabilidade algunha sobre elas, determinadas actividades, eventos, probas e outros acontecementos deportivos, non oficiais, con participación de atletas ou entidades deportivas de máis dunha Comunidade Autónoma e/ou de terceiros Estados, cando así o soliciten os organizadores e estívese beneficioso para a promoción do atletismo pola súa entidade, tradición ou repercusión social, mediática e/ou o número ou calidade dos participantes ou asistentes.

Como norma xeral, e a salvo do que poidan establecer os acordos ou convenios que se celebren expresamente ao efecto, o recoñecemento dunha competición desta natureza obriga aos organizadores a que o seu regulamentación remita ou se asimile á da FGA ou RFEA, e en especial aos requisitos de organización previstos no presente regulamento, coas excepcións ou adaptacións que se establezan. Nelas, a esixencia de licenza poderá ser substituída pola doutro título habilitante que, en calquera caso, deberá garantir o aseguramento en similares condicións ás dos titulares de licenza federativa.

No presente Regulamento, a expresión xenérica “competicións” fai referencia tanto ás oficiais como ás non oficiais.

Quinto. Calendario

O Calendario galego ou nacional de atletismo (tamén denominado Calendario FGA ou RFEA), é o conxunto de competicións programadas, autorizadas pola FGA ou RFEA, que está previsto que se celebren en Galicia ou resto de España durante a tempada deportiva (entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro, coincidente co ano natural).

O Calendario RFEA ou FGA conterá a denominación de cada competición e as especialidades deportivas, sub-especialidades deportivas e disciplinas atléticas que a integren, así como o lugar e data de celebración. A inclusión dunha competición no Calendario FGA ou RFEA xerará os dereitos, vantaxes, obrigas e responsabilidades previstos no presente Regulamento e demais normas da FGA ou RFEA, sen prexuízo das previstas pola lexislación vixente.

O Calendario galego de atletismo será aprobado anualmente pola Asemblea Xeral da FGA a proposta da Comisión Delegada. Non poderán incorporarse ao Calendario da FGA:

- a) As competicións cuxos organizadores deban algunha cantidade polos conceptos de foto-finish, gastos de xuíces e oficiais ou outros integrantes á FGA. Asemade cando deban os custos de inscrición en controis, campionatos, premios a atletas de edicións anteriores, ou calquera outro concepto directamente derivado da organización ou participación de competicións FGA durante a tempada en curso ou precedentes. Asemade se



teñan débedas con algún outro colectivo da FGA (Representantes de Atletas, Clubs, etc)

- b) Igualmente, non se incluírán no Calendario da FGA aquelas competicións que non aboen o canon correspondente ou que non cumpran os requisitos establecidos no apartado 2.2.9. Se non se depositase o aval no prazo correspondente (caso de ser necesario) a competición poderá ser retirada do Calendario da FGA.

III. COMPETICIÓNS AUTONÓMICAS

3.1. Calendario de competicións da FGA Tempada 2023 – Provisional

Data	Tipo	Ámbito	Competición	Lugar
04/01/2023	PC	AUT	IV Trofeo + Deporte La Región de Atletismo en Pista Cuberta 2023	Ourense
05/01/2023	Pista AL	AUT	V Torneo de Reis 2023	Pontevedra
07/01/2023	PC	AUT	XVIII Copa Xunta de Galicia de Clubs en Pista Cuberta	Ourense
07/01/2023	PC	AUT	Control FGA 07/01/2023	Ourense
08/01/2023	Ruta	AUT	V Carreira Popular Concello de Castro de Rei	Castro de Rei
08/01/2023	PC	AUT	Control FGA 08/01/2023	Ourense
14/01/2023	CT	AUT	Xogade – Campo a Través – Intercomarcal Zonal A Coruña	Acea da Ma (O Burgo)
14/01/2023	PC	AUT	IV Control Pista Cuberta S.G.Pontevedra – C.A.Sada	Ourense
14/01/2023		AUT	XIII Copa Deputación de Lugo – 1º Xornada	Lugo
15/01/2023	CT	AUT	LXXXVII Campionato Xunta de Galicia Absoluto de Campo a Través Individual, Sub 23 e Sub 20.	Xinzo de Limia
15/01/2023	CT	AUT	Xogade – Campo a Través – Fase Zonal Ferrol	San Xiao - Ferrol
15/01/2023	Ruta	AUT	XXXIX Carreira Popular San Xiao	Ferrol
15/01/2023	CT	AUT	XXI Cros Andrés Abanqueiro 2023	Vigo
15/01/2023	CT	AUT	IV Cros de Antioquía 2023	Xinzo de Limia
21/01/2023	PC	AUT	XXXVIII Campionato Xunta de Galicia Absoluto e Cto. Xunta de Galicia Sub 23 en Pista Cuberta	Ourense
21/01/2023 22/01/2023	PC	AUT	XXXVIII Campionato Xunta de Galicia Absoluto e Cto. Xunta de Galicia Sub 23 de Probas Combinadas en Pista Cuberta	Ourense
21/01/2023	Ruta	AUT	IX CorreSan – Ruta da Prata – Angrois	Santiago de Compostela
21/01/2023	CT	AUT	Xogade – Campo a Través – Fase Zonal Santiago	Santiago de Compostela
21/01/2023	PC	AUT	Control FGA Pista Cuberta 21/01/2023	Ourense
22/01/2023	CT	AUT	Xogade – Campo a Través – Intercomarcal Zonal Ferrol	As Cabazas - Ferrol
22/01/2023	CT	AUT	Xogade – Campo a Través – Fase Zonal Ourense	Ourense
22/01/2023	PC	AUT	Control FGA Pista Cuberta 22/01/2023	Ourense
22/01/2023	Pista AL	AUT	Control Solidario FGA 22/01/2023 “Axuda a Gustavo Dacal”	Pontevedra
28/01/2023	Pista AL	AUT	Campionato Xunta de Galicia de Lanzamentos Longos Máster	Pontevedra
28/01/2023	CT	AUT	XXVI Memorial “Alejandro Lorenzo” – Campionato Xunta de Galicia de Campo a Través de Menores	Ribadavia
28/01/2023	CT	AUT	XXXV Campionato Xunta de Galicia Máster de Campo a Través Individual e Clubs	Ribadavia
28/01/2023	CT	AUT	L Campionato de Galicia Sub18 H – XLII Sub18 M – XVI Sub16 de Campo a Través Individual	Ribadavia
28/01/2023		AUT	XIII Copa Deputación de Lugo – 2º Xornada	Lugo
29/01/2023	PC	AUT	I Trofeo Laranxa en Pista Cuberta	Ourense
04/02/2023	Pista AL	AUT	XII Campionato Xunta de Galicia de Inverno Absoluto e Sub 23 de Lanzamentos Longos	Pontevedra
04/02/2023	PC	AUT	XVI Campionato Xunta de Galicia Sub10 – Sub12 – Sub14 en Pista Cuberta	Ourense
04/02/2023	Ruta	AUT	XX Padrón 10K	Padrón
04/02/2023	Pista AL	AUT	Control FGA Aire Libre 04/02/2023	Pontevedra
04/02/2023	PC	AUT	Control FGA vallas en Pista Cuberta 04/02/2023	Ourense
05/02/2023	Ruta	AUT	XXXIV Campionato Xunta de Galicia Absoluto Masculino e Feminino de Marcha en Ruta	Ames
05/02/2023	PC	AUT	XXXIV Campionato Xunta de Galicia Máster en Pista Cuberta e Probas Combinadas	Ourense

11/02/2023	CT	AUT	Xogade - Campo a Través - Fase Provincial A Coruña 2023	Sada
11/02/2023	CT	AUT	Xogade - Campo a Través - Fase Provincial Ourense	Rúa, A
11/02/2023	PC	NAC	Campionato de España de Clubes Copa Joma e Copa Iberdrola - Pista Cuberta	Ourense
11/02/2023	CT	AUT	VII Cros Mondego	Mondego
12/02/2023	CT	AUT	Xogade - Campo a Través - Fase Provincial Lugo	Lugo
12/02/2023	CT	AUT	Xogade - Campo a Través - Fase Provincial Pontevedra	Vigo
12/02/2023	Ruta	INT	XV Medio Maratón A Coruña 21	Coruña, A
12/02/2023	CT	AUT	VI Cros Comarcal "A Mariña Lucense". Cto. Provincial Campo a Través.	Lourenzá
18/02/2023 19/02/2023	PC	AUT	XLVI Campionato Xunta de Galicia Sub20 e Camponato Xunta de Galicia Sub 20 de Probas Combinadas	Ourense
18/02/2023	Ruta	AUT	IX CorreSan - Ruta dos Parques	Santiago de Compostela
18/02/2023	Ruta	AUT	VII Carreira do Entroido	Trazo
18/02/2023	Ruta	AUT	Carreira e Andaina Solidaria - STOP Leucemia	Ordes
19/02/2023	PC	AUT	Control FGA Pista Cuberta 19/02/2023	Ourense
20/02/2023 21/02/2023	PC	AUT	Xornada de Pista Cuberta Circuito Coruña Corre en Pista 2023	Coruña, A
25/02/2023 26/02/2023	PC	AUT	Campionato Xunta de Galicia Sub 16 e Sub 18 de Probas Combinadas	Ourense
25/02/2023	PC	AUT	XIII Copa Deputación de Lugo - 3ª Xornada	Lugo
25/02/2023	PC	AUT	Control FGA Pista Cuberta 25-26/02/2023	Ourense
26/02/2023	PC	AUT	LXVI Campionato Xunta de Galicia Sub18	Ourense
04/03/2023	Pista AL	AUT	VII Campionato Xunta de Galicia de Lanzamentos Longos Sub 20, Sub 18 e Sub 16	Vigo
04/03/2023	Pista AL	AUT	Campionato Xunta de Galicia 10.000 Abs-Sub 23-Master e 5000 Sub20-Sub18-Memorial Alejandro Gómez	Vigo
04/03/2023	CT	AUT	Xogade - Campo a Través - Campionato de Galicia 2023	A Pobra
05/03/2023	Ruta	AUT	XIII Carreira do Cocido de Lalín	Lalín
05/03/2023	Ruta	AUT	II Carreira pola Igualdade	Narón
05/03/2023	Ruta	AUT	XI Carreira Pedestre Concello de Camariñas. VIII Circuito Correndo pola Costa da Morte	Camariñas
09/03/2023	PC	AUT	Xogade - Xogando ao Atletismo - Intercomarcal Ourense 2023	Ourense
11/03/2023	PC	AUT	XXXVI Campionato Xunta de Galicia Sub16	Ourense
12/03/2023	PC	AUT	V Copa Xunta de Galicia Clubs Máster de Pista Cuberta	Ourense
12/03/2023	Trail	AUT	II Trail Cova da Bruxa	Muros
12/03/2023	Ruta	AUT	II 1/2 Maratón de Montaña As Minas da Pontenova	Pontenova, A
12/03/2023	PC	AUT	Campionato de Galicia Máster 3.000 Marcha en PC	Ourense
18/03/2023	Ruta	AUT	XI Carreira Popular Torre de Hércules #QUERÉMONOS VIVAS	Coruña, A
18/03/2023	Pista AL	AUT	Xornada Promoción "CORRESPONSABLES"	Barco de Valdeorras, O
18/03/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 1ª Xornada - A Coruña - Ferrol 2023	
18/03/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 1ª Xornada - O Barco de Valdeorras 2023	Barco de Valdeorras, O
18/03/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 1ª Xornada - Ourense 2023	Ourense
19/03/2023	Ruta	AUT	XXX Carreira San Xosé - V Corre por Elas	Pontes de García Rodríguez, As
19/03/2023	Ruta	AUT	XIV Campionato Xunta de Galicia Absoluto de 5Km Ruta e das Categorias Sub 18, Sub 20, Sub 23 e Máster	Pontes de García Rodríguez, As
19/03/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 1ª Xornada - Lugo 2023	Lugo
25/03/2023	CT	AUT	III Cros Solidario en favor da Investigación de Duchenne e Becker "Unha tarde con Samuel"	Santiago de Compostela
25/03/2023 26/03/2023	PC	NAC	Campionato de España Sub-16 Pista Cuberta	Ourense
25/03/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 1ª Xornada - Pontevedra 2023	Pontevedra
25/03/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 1ª Xornada - Vigo 2023	Vigo

01/04/2023	Pista AL	AUT	XXXIV Reconquista - Trofeo Antonio Fernández	Vigo
01/04/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 2ª Xornada - Ourense 2023	Ourense
02/04/2023	Trail	AUT	IV Trail e Andaina Ribeiras do Tambre - Concello de Ames	Ames
08/04/2023	Ruta	AUT	XLII Carreira Popular Pascua de Padrón	Padrón
09/04/2023	Trail	AUT	VIII Campionato Xunta de Galicia de Trail	A Pobra do Caramiñal
09/04/2023	Trail	AUT	Trail Serra do Barbanza 2023	A Pobra do Caramiñal
09/04/2023	Ruta	AUT	Narón 10K	Narón
15/04/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 2ª Xornada - A Coruña - Ferrol 2023	
15/04/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 2ª Xornada - O Barco de Valdeorras 2023	Barco de Valdeorras, O
15/04/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 3ª Xornada - Ourense 2023	Ourense
16/04/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 2ª Xornada - Lugo 2023	Lugo
16/04/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 2ª Xornada - Pontevedra 2023	Pontevedra
16/04/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 2ª Xornada - Vigo 2023	Vigo
16/04/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 1ª Xornada - Santiago de Compostela 2023	
22/04/2023	Pista AL	AUT	XXXV Campionato Xunta de Galicia de Clubs Absoluto	
22/04/2023 23/04/2023	Pista AL	AUT	XXXVI Cto. Xunta de Galicia Máster de Combinadas e VIII Campionato Xunta de Galicia de Pénatlon de Lanzamentos Máster	
23/04/2023	Ruta	INT	XVII Carreira Popular Coruña 10	Coruña, A
23/04/2023	Trail	AUT	II Trail Comarca do Ulla Tambre	Santiago de Compostela
23/04/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 3ª Xornada - Lugo 2023	Lugo
23/04/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 3ª Xornada - Pontevedra 2023	Pontevedra
23/04/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 2ª Xornada - Santiago de Compostela 2023	
26/04/2023	Pista AL	AUT	XLIX Trofeo Boa Vila	Pontevedra
29/04/2023	Pista AL	AUT	IX Campionato Xunta de Galicia de Clubs de Probas Combinadas	
29/04/2023	Ruta	AUT	VII Carreira SantYago 10 Km	Santiago de Compostela
29/04/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 3ª Xornada - O Barco de Valdeorras 2023	Barco de Valdeorras, O
29/04/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 4ª Xornada - Ourense 2023	Ourense
29/04/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 3ª Xornada - Santiago de Compostela 2023	
30/04/2023	Ruta	AUT	XV 10 Km. Concello de O Porriño	Porriño, O
30/04/2023	Ruta	AUT	5ª Carreira e Andaina Contra o Cancro	Rúa, A
30/04/2023	Ruta	AUT	II Carreira Popular Faro Roncudo. Corre por Turquía e Siria	Ponteceso
30/04/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 3ª Xornada - A Coruña - Ferrol 2023	
30/04/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 3ª Xornada - Vigo 2023	Vigo
01/05/2023	Ruta	AUT	VII Carreira Pedestre Popular Concello de Frades	Frades
06/05/2023	Pista AL	AUT	II Trofeo C.D. La Purísima - Concello de Pereiro	Pereiro de Aguiar, O
06/05/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 4ª Xornada - A Coruña - Ferrol 2023	
06/05/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 4ª Xornada - O Barco de Valdeorras 2023	Barco de Valdeorras, O
07/05/2023	Ruta	AUT	XIV Baixada Popular de Cros San Pedro	Coruña, A
07/05/2023	Ruta	AUT	4ª Carreira e Andaina Solidaria Concello de Curtis	Curtis
07/05/2023	Ruta	AUT	VI Carreira Pedestre Concello de Mazaricos. VIII Circuito Correndo pola Costa da Morte	Mazaricos
07/05/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 4ª Xornada - Lugo 2023	Lugo
07/05/2023	Pista AL	AUT	Xogade - Atletismo Pista - 4ª Xornada - Santiago de Compostela 2023	
14/05/2023	Pista AL	AUT	XXXIX Campionato Xunta de Galicia de Clubs Sub16 - Sub20	
14/05/2023	Ruta	AUT	V Carreira Popular Praia de Miño	Miño
17/05/2023	Ruta	AUT	IX Carreira Camiño das Letras	Santiago de Compostela
18/05/2023	Pista AL	AUT	XLVII Trofeo Sociedad Gimnástica Pontevedra	Pontevedra
20/05/2023	Pista AL	AUT	"Trofeo AVA 40 Aniversario"	Vigo

20/05/2023	Ruta	AUT	VI Carreira Pedestre Concello de Dumbría. VIII Circuito Correndo pola Costa da Morte	Dumbría
20/05/2023	Ruta	AUT	II Carreira solidaria pola Seguridade Viaria	Ferrol
21/05/2023	Ruta	AUT	X Carreira Popular Os Rosales	Coruña, A
27/05/2023 28/05/2023	Pista AL	AUT	Campionato Xunta de Galicia Sub 16 e Sub 18 de Probas Combinadas	
27/05/2023	Pista AL	AUT	Campionato Xunta de Galicia Sub 18	
28/05/2023	Pista AL	AUT	Campionato Xunta de Galicia Sub 16	
31/05/2023	Pista AL	AUT	XXVII Trofeo Cidade de Pontevedra	Pontevedra
03/06/2023	Marcha	INT	XXXVI Gran Premio Internacional Cantones de A Coruña – Trofeo “Sergio Vazquez”	Coruña, A
03/06/2023	Marcha	AUT	Trofeo Memorial Josefina Romero de Marcha Atlético	Coruña, A
03/06/2023	Pista AL	AUT	XIV Trofeo A.V.A. - Eugenio Torres	Vigo
03/06/2023	Ruta	AUT	VIII Carreira Pedestre Concello de Zas. VIII Circuito Correndo pola Costa da Morte	Zas
04/06/2023	Ruta	AUT	IX Cto. Xunta de Galicia de Milla en Ruta e Cto. Xunta de Galicia de 1Km	Lourenzá
04/06/2023	Pista AL	AUT	XXXVI Campionato Xunta de Galicia Máster en Pista ao Aire Libre Individual	
04/06/2023	Ruta	AUT	10 Km. Carballo – XI Carreira Popular Concello de Carballo	Carballo
11/06/2023	Pista AL	AUT	Copa Xunta de Galicia Clubs Máster	
11/06/2023	Pista AL	AUT	XI Campionato Xunta de Galicia de Clubs Sub 14	
17/06/2023	Pista AL	AUT	XC Campionato Xunta de Galicia Absoluto Masculino – LVI Campionato Xunta de Galicia Absoluto Feminino ao Aire Libre e Campionato Xunta de Galicia Sub 23	Santiago de Compostela
17/06/2023 18/06/2023	Pista AL	AUT	Campionato Xunta de Galicia Absoluto, Sub 23 e Sub 20 de Probas Combinadas	Santiago de Compostela
18/06/2023	Pista AL	AUT	XI Campionato Xunta de Galicia de Clubs Sub 10 e Sub 12	
18/06/2023	Pista AL	AUT	XVI Campionato Xunta de Galicia Sub14 en Pista ao Aire Libre	
18/06/2023	Ruta	AUT	XXX Carreira Pedestre da Areas Concello de Carnota. VIII Circuito Correndo pola Costa da Morte	Carnota
18/06/2023	Ruta	AUT	III Carreira 5K El Canario - Homenaxe José Nespereira	Ribeira
21/06/2023	Pista AL	AUT	XXIII Memorial Celso Mariño	Pontevedra
23/06/2023	Pista AL	AUT	XV Trofeo Alfonso Posada	Vigo
25/06/2023	Pista AL	AUT	XVI Campionato Xunta de Galicia Sub10 e Sub12 en Pista ao Aire Libre	
25/06/2023	Ruta	AUT	VII Carreira Popular Matogrande	Coruña, A
01/07/2023	Ruta	AUT	VIII Carreira Pedestre Nocturna Concello de Cee (Nocturna). VIII Circuito Correndo pola Costa da Morte	Cee
07/07/2023	Pista AL	AUT	Campionato Xunta de Galicia Sub 20	
08/07/2023	Pista AL	AUT	XLVII Trofeo Virxe Peregrina	Pontevedra
09/07/2023	Ruta	AUT	II Media Maratón e 10QM Camiño Inglés	Santiago de Compostela
15/07/2023	Ruta	AUT	VI Carreira Popular do Apóstolo	Laracha, A
15/07/2023	Ruta	AUT	VIII Carreira Pedestre Concello de Muxía. VIII Circuito Correndo pola Costa da Morte	Muxía
10/09/2023	Ruta	AUT	X Carreira Popular Volta a Oza	Coruña, A
16/09/2023	Ruta	AUT	XX Carreira Pedestre Vila de Corcubión. VIII Circuito Correndo pola Costa da Morte	Corcubión
17/09/2023	Ruta	AUT	XXXV Milla Urbana Festas do Cristo – O Barco de Valdeorras	Barco de Valdeorras, O
08/10/2023	Ruta	INT	X Maratón Atlántica C42 e Carreira Popular 10K	Coruña, A
15/10/2023	Ruta	AUT	VIII Carreira Popular Concello de Fisterra. VIII Circuito Correndo pola Costa da Morte	Fisterra
21/10/2023 22/10/2023	Trail	NAC	III Desafío Internacional EcoCamiño 110K e 48K	Sarria - Melide - Santiago de Compostela



29/10/2023	CT	AUT	Campionato Xunta de Galicia Absoluto, Sub 23 e Sub 20 de Campo a Través por Equipos. Cto Xunta de Galicia de Campo a Través Sub 16 e Sub 18 Individual e por Equipos e Cto. Xunta de Galicia de Relevos Absoluto Mixto	
05/11/2023	CT	NAC	Cross Nacional Ponte Romana de Lugo, Gran Premio #ActitudRio, Homenaje a Alessandra Aguilar Morán - Proba Aprazada	Lugo
05/11/2023	Ruta	AUT	XV Carreira Popular dos Santiños	Barco de Valdeorras, O
12/11/2023	Ruta	AUT	XLVI Carreira Pedestre Popular do San Martiño	Ourense
26/11/2023	Ruta	AUT	XI Carreira Popular Novo Mesoiro	Coruña, A
26/11/2023	Ruta	AUT	VIª Carreira e Andaina das Cidades Contra o Cancro de Páncreas	Vilamartín de Valdeorras
03/12/2023	Ruta	AUT	XXXVII Memorial Adolfo Ros - Volta á Ría	Ferrol
03/12/2023	Ruta	AUT	XVIII Carreira Popular Mar de Boiro. 15º Memorial Pepe Buceta	Boiro
31/12/2023	Ruta	AUT	11ª Carreira e Andaina Popular do Nadal	Rúa, A

CLAUSULA DE XÉNERO: A Federación Galega de Atletismo (FGA) garante a igualdade efectiva de homes e mulleres como un dos seus principios básicos de actuación. Para estes efectos, as mencións xenéricas masculinas que figuran nesta normativa entenderanse referidas tamén ao seu correspondente feminino, agás aqueles casos en que se indique expresamente que se refire a un ou outro xénero.

3.2. Normativa Xeral de Competicións Oficiais

1.- A FGA asume as Normas de competición da RFEA salvo o que se regula expresamente neste documento.

2.-A autorización final para poder celebrar unha competición correspóndelles ás autoridades competentes en cada territorio, así como establecer o número de participantes máximo en cada competición. Para iso deberanse considerar todas as medidas de obrigado cumprimento establecidas en cada momento.

A realización das diferentes competicións do calendario da FGA dependerá da autorización da Dirección Técnica da FGA.

3.- Todos os aspectos técnicos reflectidos neste regulamento están suxeitos a modificacións motivadas por:

- a.- Cambios no Regulamento RFEA
- b.- Decisións da dirección Técnica debidamente argumentadas.
- c.- Causas de forza maior.

Duración da tempada 2023: desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro 2023

3.2.1. Categorías da tempada 2023

SENIOR	Nacidos/as desde 2000 ata Máster
SUB23	Nacidos/as en 2001 , 2002 e 2003
SUB20	Nacidos/as en 2004 e 2005
SUB18	Nacidos/as en 2006 e 2007
SUB16	Nacidos/as en 2008 e 2009
SUB14	Nacidos/as en 2010 e 2011
SUB12	Nacidos/as en 2012 e 2013
SUB10	Nacidos/as en 2014 e 2015
SUB8	Nacidos/as en 2016 e seguintes
MASTER	Desde o día que cumran 35 anos en tramos de 5 anos segundo idade o día da proba (o primeiro día de competición en Campionatos de varios días) M/F35 (35 a 39 anos) M/F40 (40 a 44 anos) e así sucesivamente.

Dende o 15 de outubro ata o 31 de decembro poderán organizarse probas aplicando as categorías do 2024.



3.2.2. Normas de participación

a). Para poder participar en calquera competición oficial de atletismo será condición indispensable estar en posesión da licenza federativa regulamentaria correspondente e sempre que non exista ningunha sanción sobre o titular da mesma na data tope fixada para a inscrición.

b). Todos os participantes en calquera competición oficial deberán presentarse portando o equipo do seu Club. Os atletas independentes deberán levar unha equipación/vestimenta que cumpra co Regulamento de Publicidade en Competicións Nacionais. Esta equipación en ningún caso poderá ser a de ningún Club.

c). As zapatillas coas que compitan os atletas, deberán cumprir en todo momento coas medidas recollidas no regulamento da RFEA o WA.

d). Todos os atletas participantes quedan obrigados a levar os dorsais na forma que lles indique a organización.

e). Nas competicións oficiais, cando un atleta dun club asociado este participando representando ó club principal, deberá levar a camiseta do principal.

En todos os casos, incluídos os atletas independentes deberán seguir a normativa RFEA de publicidade. O Xuíz Arbitro, de acordo co organizador, poderá impedir a participación a aqueles/as atletas indebidamente equipados.

f). Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, agás nos saltos que poden levar por diante ou por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma poderá ser motivo de descualificación. Nas probas de marcha a organización facilitará dous dorsais a cada participante. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

g). Todos os participantes en calquera competición oficial onde exista cámara de chamadas será obrigatoria a identificación dos atletas. Os xuíces ou as persoas encargadas de Cámaras de Chamadas comprobarán a identidade dos atletas que se presentan á Competición mediante o Carné RFEA/FGA (con foto), DNI, Tarxeta de Residente estranxeiro, Carné de conducir ou Pasaporte. En ausencia dos anteriores documentos será aceptable consultar a identificación a través da Web da RFEA sempre e cando nesta consulta apareza a foto do atleta en cuestión. Todo atleta que, estando programada Cámara de Chamadas non pase por ela, non estará autorizado a participar na competición, salvo que no regulamento particular de cada competición indique o contrario ou exista una xustificación válida para o organizador.

O organizador poderá aceptar atletas fóra do prazo por razóns xustificadas podendo entón ser autorizados a participar:

- En carreiras en pista, sempre que non terminase a fase correspondente.
- En concursos: en calquera momento da competición (sen que este feito supoña ningún trastorno ao desenvolvemento do mesmo)

- En ruta, campo a través e resto de competicións, sempre que teñan tempo para incorporarse á saída sen prexudicar o desenvolvemento da competición.

h). Entrada na Cámara de Chamadas.

Horario tipo (Agás nas competicións onde se publique e circule un horario completo de Cámara de chamadas)

HORARIO TIPO DE SAÍDA Á PISTA TRAS A PRESENTACIÓN EN CÁMARA DE CHAMADAS	
Poderá ser modificado e comunicado por circular en cada competición	
Carreiras	5min antes da hora oficial da proba
Carreiras con valos	10min antes da hora oficial da proba
Concursos (agás pértega)	20min antes da hora oficial da proba
Pértega	35min antes da hora oficial da proba

i). Durante o transcurso do Campionato ou competición, un atleta pode ser excluído de participar en unha ou varias probas, no caso de que clasificándose nas eliminatorias ou series, non participe na seguinte ou ben, tendo confirmada a súa inscrición non participe sen dar unha razón válida.

j). Nas competicións autonómicas de clubs a participación de atletas estranxeiros está recollida nas Normas Xerais de Clubs da RFEA, e virá reflectido en cada regulamento particular por parte da FGA.

k). Cerimonias de premios: Considéranse parte da competición polo que os atletas deberán cumprir o regulamento de equipamento.

l). Reclamacións:

Aplicarase normalmente art. 8 do Regulamento de Competición e Técnico da WA.

A reclamación sobre o resultado dun deportista ou club nunha competición deberá realizarse, salvo casos excepcionais, como máximo 30 minutos despois de ser publicados, por calquera medio, incluído o dixital, os resultados oficiais da proba en cuestión.

Esta reclamación será presentada verbalmente ao xuíz árbitro, que resolverá.

Calquera reclamación relacionada cun erro no envorcado de datos pode aceptarse en calquera momento, incluso despois de rematada a proba.

m). Penalizacións:

A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicarase as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 3 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA competicion@atletismo.gal

- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo sobre a cota de inscrición.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia da dirección técnica, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

3.2.3. Normas de competición

Para que unha competición sexa recoñecida como oficial pola Federación Galega de Atletismo e os seus resultados sexan homologados, cómpre:

- a). Que figure no Calendario da FGA da presente tempada.
- b). Que se teña recibido, cunha antelación mínima de 10 días á súa celebración, na sede da Federación Galega de Atletismo o Regulamento da competición, para que poida ser aprobado, agás autorización expresa da Dirección Técnica da FGA por motivos xustificadas. Posteriormente a Federación Galega informará ao resto das súas delegacións as cuestións técnicas da mesma (horarios, categorías, probas, mínimas, etc). Asemade, a proposta da Dirección Técnica poderá programarse unha proba con carácter excepcional en calquera competición.
- c). Que coma mínimo estean programadas e se compita en tres probas, con tres atletas como mínimo en cada unha delas, agás os relevos que poderán participar dous equipos; competicións de máster (2 ou 1 atleta unicamente). Quedan exentos desta normativa todos os Campionatos de Galicia, nos que se aceptarán como válidas todas as marcas, independentemente do número de participantes.
- d). Que as idades e probas a disputar se axusten ao articulado por cada categoría.
- e). Varios:
 - Todo o non previsto nestas Normas Xerais e nos oportunos Regulamentos-Convocatorias axustarase ao establecido no Regulamento da RFEA ou ben nas normativas de Internacional da WA na súa versión española.
 - Nos Campionatos de Galicia só poderán subir ao podio os atletas e equipos premiados, non podendo facelo outras persoas, así mesmo non se poderá portar bandeiras, pancartas, etc, e levarase a uniformidade do club.
 - O incumprimento destas normas poderá ser motivo de descualificación.
- f). Probas autorizadas
 - Pista Cuberta: Ver Normas Xerais de Pista Cuberta
 - Pista ao Aire Libre: Ver Normas Xerais ao Aire Libre
 - Distancias de campo a través: ver na Normativa de Campo a través
- g). Que o Xurado estea composto por membros do Comité Nacional ou Galego de Xuíces.
- h). Xurado mínimo para as probas non organizadas pola FGA.

A continuación, descríbese o xurado mínimo para as distintas competicións, malia que dependendo do nivel e as características destas, os presentes números poden ser incrementados a criterio do Comité Galego de Xuíces.

PROBAS DE PISTA

1 Xuíz Árbitro (non pode compatibilizar a súa labor con outras tarefas ou postos do xurado*)

1 Director Reunión

1 Director Técnico

Auxiliares de Xuíz Árbitro: naquelas probas nas que se requira da súa figura e non poida ser asumida por xuíces xa convocados a outros efectos, poderán ser convocados especificamente.

Carreiras con cronometraxe eléctrico:

1 Xuíz X. De Fotofinish

2 Xuíces de Saída

3 Xuíces de chegadas e cronometradores en carreiras por estaxe libre 1

Operador anemómetro (si é aplicable)

Concursos:

Altura	Pértega	Saltos horizontais (incluído anemómetro)	Lanzamentos
2	3	4	3

Marcha:

Xuíces do panel de marcha

- Aire libre: 5
- Pista cuberta: 4

1 X. Área de penalización

1 X. Secretaría de marcha

Baixo certas circunstancias a valorar polo CGX, como o nivel da proba, entre outros, poderían ser ocupados por auxiliares ou aspirantes os postos de secretaria de concursos e listón de altura ou pértega.

PROBAS DE RUTA HOMOLOGADAS

1 Xuíz Árbitro*

1 Director Reunión

1 Director Técnico

1 XX Cronometraxe Transpondedor

1 X. Saídas

2 X. Chegadas

1 X. Cronometrador

Un número adecuado de xuíces de percorrido

PROBAS DE RUTA NON HOMOLOGADAS

- 1 Xuíz Árbitro*
- 1 Director Reunión
- 1XX Cronometraxe Transpondedor 1 X. Saídas

MARCHA EN RUTA (a maiores do anterior)

- 6 Xuíces do panel de
marcha 1 X. Área de
penalización
- 1 X. Secretaría de marcha

No caso de realizar cámara de chamadas, esta deberá ser controlada por polo menos 1 xuíz.

3.2.4 Normativa de Competición para Probas Mixtas en Pista

As Probas Mixtas serán válidas para mínimas dos Campionatos de Galicia de todas as categorías e para o ranking de Galicia.

Para as competicións desenvoltas en Pista, as probas mixtas en Concursos ou en Carreiras, poderán ser permitidas nas Competicións se reúnen os seguintes requisitos:

- a.) Que sexan aprobadas pola FGA.
- b.) Para cos rexistros sexan válidos a efectos do ranking, e para a súa validez como mínima non haberá máis de cinco atletas de polo menos un dos dous sexos para carreiras de distancia inferior a 1.500m, e máis de seis atletas en carreiras de 1.500m. ou de superior distancia. É dicir, poderán participar hasta 5 atletas do mesmo sexo xunto con 6 ou máis do outro sexo na mesma carreira en probas ata 1.500 e seis nas superiores)

Esta norma non se aplicará as categorías master nin Sub12 e inferiores nas cales non haberá limitacións para facer probas mixtas.

- c.) En Lanzamentos e Saltos Horizontais serán os xuíces os que decidan a orde de actuación, coa finalidade de facilitar as medicións e o control dos artefactos.
- d.) No caso de Saltos Verticais, as Regras Técnicas 26 a 28 e deben ser aplicados estritamente – incluíndo que o listón debe ser elevado de acordo cunha única cadencia, acordada para toda a competición.
- e.) Resultados Competicións Mixtas
 - Para Concursos utilizaranse follas de resultados separadas e os resultados proclamaranse separadamente para cada xénero.
 - Para Carreiras, o xénero de cada atleta indicarse nos resultados.
- f.) De acordo co estipulado no RT 9.2.1 da WA: “Tales Carreras en pista no se realizarán, en ningún caso, para permitir que a los atletas de un sexo se les

marque el paso o sean ayudados por los atletas del otro sexo". A intención do Artigo non é dar as mulleres a oportunidade de competir en carreiras contra homes para obter potencialmente mellores condicións de rendemento.

- g.) Agás na proba de Relevos Mixtos, Categoría master y Sub 12 e inferiores en ningunha outra serán válidos os Récorde de Galicia obtidos en Carreiras mixtas no Estadio.
- h.) Competicións e Probas de Categoría Máster. De acordo coa normativa particular desta categoría, permítese que homes e mulleres poidan competir xuntos sendo válidos os resultados e récord obtidos.
- i.) Nas categoría Sub 10-12 permitirase unha saída nula por serie. Nas categorías Sub 8-10-12 permitirase a saída de pé e na categoría sub 14 non será obrigatorio o uso de tacos de saída pero si a saída a 4 apoios, sendo preciso a utilización de anemómetro nas carreiras e nos saltos horizontais.

3.2.5. Normas de participación nos Campionatos de Galicia

a). Poderán tomar parte na súa proba respectiva, nas competicións oficiais que, estando en posesión da correspondente licenza federativa, debidamente dilixenciada para a tempada e sempre que non exista sobre eles sanción de ningunha clase na data fixada para a inscrición e cumpra os requisitos establecidos en cada campionato.

Non se admitirán as marcas conseguidas con vento superior ao regulamentario.

A FGA resérvase o dereito de admitir a participación nos Campionatos de Galicia de atletas que non cumpran os requisitos establecidos, por interese do equipo galego ou por petición da Dirección técnica da FGA.

b). Os atletas con licenza de outras federacións á galega, poderán participar nos Campionatos de Galicia que estean enmarcados no calendario RFEA, e segundo criterio da Dirección Técnica, agás nas finais das probas nas que se celebren semifinais ou existan saltos de mellora (podendo neste caso efectuar unicamente 3 saltos), con obxecto de non quitar posto a ningún atleta galego nas finais.

Se un atleta doutra federación gañase algunha proba ou se clasificase entre os tres primeiros, será proclamado vencedor da proba en cuestión, pero non Campión de Galicia, e en calquera caso, non terá dereito a medalla oficial do Campionato.

Terán dereito a medalla todos aqueles atletas nacionais con ficha pola FGA e aqueles estranxeiros que teñan fichado de xeito ininterrompido pola FGA dende polo menos a tempada 2021 ou que sexan menores de idade.

d). Calquera atleta con licenza pola federación galega de atletismo, con independencia da súa nacionalidade ten dereito a pasar ás finais.

e). Confirmación para todos os Campionatos de Galicia

- As confirmacións para os Campionatos de Galicia ao Aire Libre, realizarase conforme se indica no regulamento específico de cada campionato.
- De forma xeral tomarase a inscrición coma confirmación, tendo que dar a baixa no prazo estipulado por cada regulamento. A non presentación do atleta á competición terá un custo de 5 euros que repercutirá directamente no club do atleta, agás no caso de atletas independentes, que repercutirá directamente sobre eles.

f). Premios nos Campionatos de Galicia

Os atletas clasificados en 1º, 2º e 3º lugar de cada proba recibirán medalla dourada, prateada e bronceada, respectivamente, da Federación Galega de Atletismo. A asistencia a este acto de entregas é obrigatoria por parte dos atletas, que non poderán delegar a súa representación en ninguén. Os atletas deberán situarse encima do podio no momento en que son chamados. O incumprimento deste protocolo poderá conlevar a descualificación dos atletas do campionato.

3.2.6. Inscricións e participación en Campionatos de Galicia

a). Todos os atletas, clubs e federacións terán que realizar as inscricións para os Campionatos de Galicia a través da extranet da RFEA: <https://sdp.rfea.es/>
A FGA poderá facer calquera tipo de inscrición unha vez rematado o prazo en calquera proba federada.

Para os Campionatos de Galicia de Clubs e individuais, serán os clubs os responsables de enviar as inscricións de acordo coas normas que se especifican no seu regulamento.

Procedemento de inscricións

As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do luns anterior. Lémbrese a obrigatoriedade de especificar a data e lugar da marca nas inscricións.

No momento da inscrición, debes seleccionar, no despregable, a proba coa que queres estar inscrito, sendo responsabilidade do club escoller a opción que recupera a mellor marca ou valor de marca. No caso de que a marca que recupere non sexa a esperada, contacte coa área de competición (competicion@atletismo.gal) FGA ou poñer a marca no campo dorsal.

A FGA reservase o dereito de aceptar a participación de acreditados atletas que por mor de lesións ou outras razóns limitadoras, non acadaron as marcas mínimas esixida ou non se atopen entre as mellores marcas inscritas.

A FGA pode aceptar a participación de atletas con ficha de outras comunidades previa solicitude, por orde de marca, ata completar a cota de participación establecida reservándose sempre o dereito de non admitir atletas no caso de que o nivel deportivo non sexa o suficiente para o nivel da competición.

Nas probas combinadas será o xoves da semana anterior á competición (a non ser que expresamente poña outra cousa no regulamento particular de cada proba).

Cando corresponda, non se admitirán como mínimas as marcas conseguidas con vento superior ao regulamentario.

Poderá realizarse unha repesca de atletas sen mínima, sempre que se fixera a inscrición, polo que se recomenda inscribir a atletas próximos á marca mínima.

No caso de recibirse algunha inscrición fóra de prazo, a dirección técnica determinará cales delas se aceptan en función do horario e da posible repesca de atletas. A multa por fóra de prazo será de 3 euros.

Os atletas que poidan condicionar substancialmente o programa da competición non serán aceptados, non sendo obrigatorio cubrir as prazas mínimas.

Nas competicións de altura e pértega, de ser necesario, poderanse modificar as cadencias iniciais.

Nas categorías menores Sub 10, Sub 12 e Sub 14 aplicarase un sistema particular de inscrición. Aceptaranse marcas de ata dous domingos (dous fins de semana) antes do campionato tanto nos campionatos individuais coma nos de equipos (estadillos). Haberá varios prazos nos cales so se poderán inscribir aqueles atletas que estean entre os primeiros atletas do ranking de cada proba, despois de pasado este prazo abrirase outro para a repesca, limitando a posición do ranking ata onde se poderá inscribir.

Aqueles atletas con licenza tramitada pola FGA que participen nalgún campionato fora de concurso ou control FGA deberán aboar 4 euros pola súa participación, con independencia do número de probas.

Aqueles atletas doutras comunidades que participen nalgún campionato ou control FGA deberán aboar 10 euros, mediante pasarela de pagamento. Aqueles clubs ou atletas de clubs de fóra de Galicia, que no prazo de 20 días dende a comunicación da súa débeda en concepto de participación nos campionatos ou controis FGA, non poderán participar en campionatos ou controis ata que abonen ditos pagos.

Admitiranse as mellores marcas feitas dende o 1 de abril de 2022 para a pista cuberta, e dende o 1 de novembro do 2022 para o aire libre. No caso de non ter marca nas probas da competición admitiranse probas similares que se valorarán por táboa (no caso de non haber táboa marcarase en cada regulamento unha diferenza de conversión)

Durante os meses de novembro e decembro, os atletas das categorías sub 10, 12, 14 e 16, que na seguinte tempada cambiarán de categoría, están autorizados a participar en probas con medicións, dispositivos e distancias da súa categoría superior para poder acreditar a súa marca a participación nos Campionatos de Galicia de Inverno e estadillos dos Campionatos Galegos de Clubes



3.2.7. Varios sobre Competición

a). En calquera caso a Dirección Técnica da FGA ten a potestade de admitir un número maior de atletas ata cubrir series ou noutros casos que considere xustificade ou non chegar ós mínimos se o considera oportuno dependendo da calidade das marcas dos atletas e o horario de competición.

b). Así mesmo, a Dirección Técnica da FGA resérvase a posibilidade, previa petición do interesado, de admitir a participación de atletas nacionais ou estranxeiros de recoñecido nivel nos diferentes Campionatos de Galicia, malia que non pertencen a ningún Club galego, nin á Federación Galega de Atletismo. Cumprindo en todo momento a normativa da RFEA de inclusión de probas en calendarios nacionais tipo I ou II, e internacionais tipo I ou II. Nestes casos non poderán acceder ás finais en carreiras de rúas nin ás fases de mellora nos concursos, salvo que a inscrición inicial sexa de 8 atletas ou menos. A aceptación de ditos atletas estarán sempre suxeitas ás normativas propias da FGA.

c). Terán prioridade os atletas da categoría do campionato pero no caso de non chegar ós mínimos establecidos autorízase a participación de atletas doutras categorías sempre e cando exista coincidencia legal coas súas probas e non supoña atraso no desenvolvemento da competición. A participación de atletas doutras categorías en ningún caso quitará posto, por exemplo, no pase á mellora dos concursos ou finais por rúas ós atletas da categoría respectiva do campionato. Dita participación terá a mesma consideración que a participación nun control FGA e terá os mesmos custos e consideracións para os atletas e para os seus clubs.

d). Durante a celebración de calquera Campionato de Galicia oficial, poderán permanecer en pista unicamente os membros do xurado, os atletas que estean participando nalgunha proba e aquelas persoas autorizadas polo Xuíz Árbitro. No caso das probas de atletas SUB 14-12-10-8 admitirase un/a responsable do club por categoría e sexo na zona de competición ou na cámara de chamadas.

Ante calquera tipo de crise sanitaria limitarase este artigo ata unha nova revisión, a cal se fose necesario viría reflectida no regulamento particular de cada competición.

e). En calquera momento os xuíces da competición, ou calquera outro membro da organización cualificado para iso poderá solicitar a identificación das persoas dentro do área da competición.

f). Se nalgunha das probas na que está previsto realizar series clasificatorias, non se presentasen a confirmar o número mínimo necesario para a súa realización, suspenderase a celebración das mesmas e disputarase a seguinte fase á hora prevista, salvo que todos os finalistas estean de acordo en disputala no horario da dita eliminatoria.

g). En todas as carreiras, a confección de series realizarase en función dos rexistros que posúan os atletas na presente tempada ou, na súa falta, en relación á tempada anterior. Antes da saída, comunicarase aos participantes o sistema de clasificación para a seguinte rolda no caso de que a houbese.



h). O número máximo de probas nas que poderá tomar parte un atleta nun campionato será de:

Sub 10, 12, 14 , 16 e 18 dúas probas , so unha superior a 230 metros. No caso de facer probas combinadas so poderá facer estas.

i). Confirmación, confección de series e limite de probas

- As confirmacións para os Campionatos de Galicia ao Aire Libre, agás Máster, realizarase conforme se indica no regulamento específico de cada campionato.
- De forma xeral tomarase a inscrición coma confirmación, tendo que dar a baixa no prazo estipulado por cada regulamento. A non presentación do atleta á competición terá un custo de 5 euros que repercutirá directamente no club do atleta, agás no caso de atletas independentes, que repercutirá directamente sobre eles.
- O número máximo de probas nas que poderá tomar parte un atleta virá especificado no seu regulamento. En caso de estar inscrito/a en máis probas das autorizadas, eliminarase a inscrición da proba na que está peor clasificado/a na lista de inscritos/as.

3.2.8. Relativos á competición.

a). Naqueles casos nos que non se celebren semifinais ou non se cheguen os 8 deportistas en competicións, poderán pasar de rolda por orde de rexistros durante a competición

b). Se un atleta de outra federación gañase algunha proba ou se clasificase entre os tres primeiros, será proclamado vencedor da proba en cuestión, pero non Campión de Galicia, e en calquera caso, non terá dereito ó podio oficial do Campionato.

c). Terán dereito ó podio todos aqueles atletas nacionais con ficha pola FGA e aqueles estranxeiros que teñan fichado de xeito ininterrompido pola FGA dende polo menos a tempada 2021 ou que sexan menores de idade.

d). En calquera momento o/a Xuíz/a Arbitro da competición, ou calquera outro organizador cualificado para iso poderá solicitar a identificación dos participantes.

e). Os/as atletas fichados por un club galego, que non teñan ficha dilixenciada pola FGA poderán participar nos Campionatos de Galicia cuxo regulamento o permita pero non poderán proclamarse campións de Galicia nin terán acceso a medalla oficial se se clasificasen en postos que lles dean ese dereito. En ningún caso poderán quitar praza na mellora ou final correspondente a outro atleta.

f). O número máximo de atletas estranxeiros/as que cada club pode aliñar en cada un dos campionatos de Galicia de clubs ou fase autonómica verá estipulado pola normativa RFEA vixente ao respecto. Nas competicións nas que participen máis



atletas estranxeiros/as dos permitidos para puntuar deberá especificarse cal deles puntuá.

g). O número máximo de atletas que cada Club pode aliñar en cada campionato e proba virá especificado en cada un dos regulamentos específicos.

h). Nas competicións por clubs, calquera club que incumpra a normativa do campionato será descualificado.

i). Nos campionatos por clubs nos que non se cubran as prazas, admitiranse por estadiño tantos clubs (que non cubran todas as probas) como prazas baleiras. Os devanditos clubs poderán non cubrir todas as probas e non terán puntuación final (respectando a normativa de participación). Por acordo de Asemblea non se permite a participación de atletas fóra de concurso.

j). Nas competicións de pista ao aire libre ou pista cuberta que esixa clasificación por clubs, os empates a puntos resolveranse a favor do club que obtivese maior número de primeiros postos. De persistir o empate terase en conta o número de segundos postos e así sucesivamente. Se finalmente non se poda desfacer o empate por este sistema, recorrerase á mellor marca por táboa WA.

k). En todas as carreiras, a confección de series na primeira rolda realizarase en función dos rexistros que posúan os atletas na presente tempada ou, no seu defecto, en relación á tempada anterior, asignándose as rúas por sorteo conforme ó programa da RFEA.

l). Nas categorías sub8 sub10 e sub12 non é obrigatorio o uso de tacos nin saída en posición agachada, nin se usará anemómetro. Asemade nestas categorías, admitirase unha saída nula por serie.

m). Nas saídas, nos casos en que claramente os tacos utilizados por algún/a atleta, non estean ben ancorados por mor do estado da instalación e do material, e no momento da saída se desprazasen, prexudicando o/a atleta, o equipo de saídas deberá invalidar a mesma e proceder a unha nova. Se a protesta é coa proba finalizada, é posible autorizar ó/á atleta prexudicado/a a participar nunha serie posterior, se a houbese, ou nunha serie extra, sen ter que repetir a proba ó resto de atletas.

3.2.9. Responsabilidades dos organizadores

Aquelas delegacións, clubs ou outras entidades designadas pola Xunta Directiva para organizar conxuntamente coa FGA unha competición ou campionato deberán ter en conta as seguintes consideracións e obrigas:

a). A Federación Galega de Atletismo, como máximo órgano responsable da práctica atlética no eido xeográfico galego, asume as máximas competencias organizativas naqueles campionatos que abranguen a súa propia actividade, reservándose o dereito de intervir, se o estimase preciso, de acordo á regulamentación. A dirección



técnica poderá facer calquera tipo de inscrición unha vez rematado o prazo en calquera proba federada.

1. En ningún caso a inscrición para unha competición poderá pechar a menos de 4 días hábiles antes da proba (se unha proba é un sábado, a inscrición pechará como moi tarde o martes previo, sempre que non teñan ningún festivo no medio).
2. A organización deberá remitir o listado de atletas admitidos a competicion@atletismo.gal cun tempo mínimo de 48 horas antes do comezo da proba.
3. Cada inscrición aceptada fora de prazo polo organizador, levará consigo un cargo de 3€ sobre a propia organización.
4. Asemade, no caso de facer algún troco no listado de participantes nas 48 horas previas á celebración da proba, se lle repercutirá ao organizador un coste de 3€/troco.
5. Recoméndase ao organizador articular no regulamento da súa proba unha cota para as seguintes situacións:

Inscricións fora de prazo:	3€
Baixas nas 48h previas á celebración da proba:	3€
Atletas non presentados:	5€

b). A organización conxunta coa FGA de calquera campionato ou Competición, implicará para o organismo designado (Delegación, Club ou outras Entidades) as seguintes responsabilidades:

1. Prever, reservar e obter os permisos precisos para o emprego da pista ou circuíto onde acontecerá a competición
2. Supervisar que a instalación ou circuíto estea en condicións axeitadas para a práctica atlética. No caso contrario, solventar as deficiencias observadas. O V.B. dos mesmos deberá terse realizado, definitivamente, polo Comité Técnico da FGA.
3. Dispor do material preciso, deportivo ou doutra índole, para desenvolver con normalidade a competición. Facilitar a cada participante os dorsais regulamentarios.
4. Satisfacer as necesidades de persoal, material, instalación e gastos que lle indique o representante local do Comité Galego de Xuíces.
5. Instalar unha megafonía que facilite a información ao longo da competición.
6. Contar co persoal preciso para atender: as mesas de confirmación, servizo de megafonía, servizo de campo e persoal de secretaría. Neste caso as persoas encargadas da secretaría de competición en probas en pista deberán estar capacitadas para utilizar con solvencia e axilidade o programa oficial de resultados da RFEA, co fin de non atrasar o desenvolvemento da competición nin o protocolo

de medallas. Tamén deberán contar cun lugar para a exposición dos resultados a medida que se vaian producindo, para facilitar as posibles reclamacións ós mesmos.

7. Ao rematar a competición publicaranse na web da FGA os resultados provisionais e pendentes da súa comprobación. O Comité de Xuíces e/o os organizadores, revisarán os resultados para corrixir tanto erros de transcripción ou de aplicación de regulamento e solicitar a rectificación dos mesmos. Ata ese momento non se considerarán como definitivos.

8. Prever un Servizo Médico ao longo da competición, que poderá intervir, en primeira instancia, ante a posibilidade de que se produza calquera lesión (só en campionatos de Galicia e probas en Ruta)

9. Que a instalación onde se desenvolve a competición ou circuito dispoña dun seguro de responsabilidade civil.

10. Cando corresponda, xestionar a compra e entrega de medallas aos/as tres primeiros/as atletas clasificados, en campionatos individuais, e/o trofeos ós tres primeiros equipos sempre que no campionato houberse clasificacións por Clubs.

11. Nas competicións de ruta, campo a través, montaña e trail, nas que a FGA conste coma organizadora ou co organizadora, incluídos tamén todos os Campionatos de Galicia, será obrigatorio o uso do Sistema de cronometraxe por Transpondedores (Chips) da FGA. Soamente en circunstancias especiais tales coma constatar unha inscrición mínima de atletas, a FGA poderá autorizar o non uso dos chips.

3.2.10. Normas a seguir ante unha reclamación

a). As reclamacións relativas a resultados ou cuestións que xurdan durante o desenvolvemento dunha proba deben presentarse sen dilación, non máis tarde de 30 minutos despois de terse publicados oficialmente os resultados da devandita proba, agás erros administrativos. O Organizador da competición será responsable de que se rexistre a hora da publicación de todos e cada un dos resultados.

b). Toda reclamación deberá formularse en primeira instancia verbalmente ó/a Xuíz Árbitro, por un/a atleta, por outra persoa que actúe no seu nome ou por un oficial representando a un equipo. Esta persoa debe actuar de boa fe na(s) proba(s) en cuestión.

c). Para chegar a unha xusta decisión, o/a Xuíz Árbitro considerará calquera evidencia dispoñible que crea necesaria, incluída unha película ou foto producida por unha gravadora de vídeo oficial ou calquera outra evidencia de vídeo dispoñible. O/a Xuíz Árbitro pode decidir sobre a reclamación ou someterá ao Xurado de Apelación, se estivese constituído.

d). Se o/a Xuíz Árbitro non está accesible ou dispoñible, a reclamación deberá facerse por intermedio da Secretaría de Competición.

e). Unha reclamación ao Xurado de Apelación será feita dentro dos trinta minutos:

- Que seguen ao anuncio oficial do resultado modificado dunha proba segundo decisión do Xuíz Árbitro

- Que seguen á notificación ás persoas que protestan cando non implique modificación do resultado.

3.2.11. Publicidade dos sponsors oficiais nos campionatos.

Cada delegación con responsabilidade de organizar algún campionato oficial ou competicións relevantes, segundo criterio da FGA, deberá amosar os logos corporativos, texto ou calquera outro referente que se estime oportuno do patrocinador ou dos patrocinadores oficiais da FGA para a presente tempada. Todo isto quedará impreso e recollido na publicidade escrita dos devanditos eventos, independentemente de que poidan existir outros medios de difusión (TV, radio...) dos que se determinará unha regulación específica.

3.2.12. Normativa do vestiario da selección galega.

Para poder recibir material da FGA cómpre ser seleccionado pola FGA, para calquera evento ao longo da tempada 2023 que figure no calendario oficial nacional ou internacional.

a). O material ou indumentaria deportiva que entrega a FGA de atletismo é a distinción oficial da Selección de Galicia, sexa polo tanto de identidade atlética desta federación a nivel autonómico.

O material oficial estará composto da seguinte indumentaria: un chándal, unha camiseta de quecemento e roupa de competición (*) Poderase ampliar a vestimenta dependendo das xestións relacionadas para tal fin.

b). O período de vixencia do devandito material será de catro anos. A FGA non entregará material a aqueles atletas que perdan algunha das súas prendas.

c). No caso de que un atleta non cumpra o punto anterior poderá (se así o desexa) adquirir a indumentaria previo pago do importe do seu valor.

d). Cada atleta comprométese a empregar o material só naquelas competicións oficiais nas que compita coa Selección Galega ou naqueles eventos que así o indique a propia FGA.

e). En cada acto protocolario de entrega de medallas ou trofeos, será obrigatorio acudir coa uniformidade oficial da selección galega non podendo substituírse a dita uniformidade por outra distinta. Da mesma maneira, e se así se decidise polo delegado ou responsable oficial da expedición, farase emprego da mesma naqueles actos oficiais, protocolarios, de publicidade, etc nos que participe a selección galega.

f). O material non se poderá manipular, mantendo ben visibles e sen alterar os distintivos do/s patrocinador/es oficial/is da FGA, non podendo engadir ningún outro logotipo ou sinal.

g). Recoméndase a retirada do material días antes do evento que requira o seu uso para unha maior comodidade tanto por parte do atleta como dos delegados responsables do seu reparto.

3.2.13. Normas finais

a). Non se incluírán no Calendario da FGA aquelas competicións que non estean ao corrente do pago dos gastos de video-finish, xuíces e oficiais designados pola FGA, premios a atletas, etc., de edicións anteriores, así como probas que teñan débedas, demostradas con algún outro colectivo da FGA (Representantes de Atletas, Atletas, Clubs, Federacións, etc).

Igualmente, non se incluírán no Calendario da FGA aquelas competicións que non aboan o canon correspondente ou que non cumpran os requisitos establecidos no apartado 2.2.9. Se non se depositase o aval no prazo correspondente (caso de ser necesario) a competición poderá ser retirada do Calendario da FGA.

As condicións mínimas para calquera Organización que desexe incluír a súa proba no Calendario FGA, detállanse neste Regulamento.

b). Esta FGA non autorizará a celebración de ningunha competición que non estea incluída dentro do Calendario Nacional ou Autonómico, de acordo co presente Regulamento.

c). As competicións de atletismo a celebrar en Galicia, xa sexan de Campo a través, Marcha, Ruta ou de Pista Cuberta e ao Aire Libre, divídense nas seguintes Categorías:

- Campionatos de Galicia
- Trofeos, Memoriais... etc autonómicos
- Ligas autonómicas
- Controis autonómicos
- Campionato de España
- Competicións nacionais

Nas competicións de ruta que pretendan ser incluídas no calendario nacional será obrigatorio que os circuítos das seguintes distancias (1km, milla, 5km, 10km, 15km, 20km, ½ Maratón, 25km, 30km, Maratón, 100km e Maratón estean homologados pola RFEA.

Estas competicións rexeranse pola normativa 2023 de participación da RFEA (Nas competicións de nivel autonómico só poderán participar atletas con licenza da FGA).

d). Clasificacións

Deberase facer unha Clasificación Xeral Masculina e unha Clasificación Xeral Feminina de todos os participantes, independentemente da súa idade. En base a estas efectuarase a entrega de premios.

e). Todos os clubs e atletas participantes así como os/as xuíces encargados do seu control, polo feito de facelo, aceptan o regulamento de cada competición.

f). As normas particulares correspondentes ás competicións co-organizadas pola FGA serán difundidas mediante circular. En caso de conflito terá prioridade a información publicada nesta.

g). Todo o non previsto nestas Normas Xerais e nos oportunos Regulamentos-Convocatorias, e similares, axustarase ao establecido nesta orde, pola FGA, a RFEA e no Regulamento Internacional da WA.

3.3. Regulamentación de Campo a Través, Trail, Marcha, Ruta e Pista

3.3.1. Trail.

As distancias dos campionatos de Trail virán sinaladas nos regulamentos particulares de cada proba.

3.3.2. Campo a Través.

En Campo a través as distancias recomendadas son as seguintes:

Homes e Mulleres

	LONGO	CURTO	Sub 23	Sub 20	Sub 18	Sub 16	Sub 14	Sub 12	Sub 10	Master
NOVEMBRO	8000	4000	8000	4000	3000	1500	1.000	750	500	4000
DECEMBRO	8000	4000	8000	4500	3000	2000	1.000	1000	750	4500
XANEIRO	9000	4000	9000	5000	3500	2500	1.500	1000	1000	5000
FEBREIRO	10000	4000	10000	5500	4000	2500	2000	1500	1000	5500
MARZO	10000	4000	10000	6000	4000	3000	2000	1500	1200	6000

3.3.3. Normas xerais de Pista Cuberta

Para que unha competición sexa recoñecida como oficial pola Federación Galega de Atletismo e os seus resultados sexan homologados, cómpre:

- Que figure no Calendario da FGA da presente tempada en tempo e forma.
- Que o Xurado estea composto por membros do Comité Galego de Xuíces.
- Que como mínimo estean programadas e se compita en tres probas, con tres atletas como mínimo en cada unha delas, agás os relevos que poderán participar dous equipos; competicións de máster (especificado no seu regulamento particular). Quedan exentos desta normativa todos os Campionatos de Galicia, nos que se aceptarán como válidas todas as marcas, independentemente do número de participantes.
- Que as idades e probas a disputar se axusten ao articulado por cada categoría pola RFEA (excepto autorizacións particulares permitidas pola FGA).

Pista Cuberta: 1 de xaneiro de 2023 a 31 de marzo de 2023 e do 1 de novembro de 2023 a 31 de decembro de 2023.

Art.1) Probas autorizadas en Pista Cuberta, por categorías

HOMES

	Senior (00 ata master)	Sub23 (01-02-03)	Sub20 (04 e 05)	Sub18 (06 e 07)	Sub16 (08 e 09)	Sub14 (10 e 11)	Sub12 (12 a 13)	Sub10 -8 (14-17)
Carreiras	60	60	60	60	60	60	60	50
	200	200	200	200	-----	-----	-----	-----
	400	400	400	400	300	-----	-----	-----
	800	800	800	800	600	500	500	500
	1.500	1.500	1.500	1.500	1.000	1.000	1.000	1.000
	3.000	3.000	3.000	3.000	3.000	2.000	-----	-----
Valos	60 (1,067)	60 (1,067)	60 (1,00)	60 (0,914)	60 (0,914)	60 (0,84)	-----	-----
Saltos	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura
	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Pértega	Pértega	Pértega	-----	-----
	Triplo	Triplo	Triplo	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude
	Pértega	Pértega	Pértega	Triplo	Triplo	Triplo*	-----	-----
Lanz.	Peso (7,260)	Peso (7,260)	Peso (6 kg)	Peso (5 kg)	Peso (4 kg)	Peso (3 kg)	Peso (2 kg)	Peso (1 kg)
Probas Combinadas	Heptatlón	Heptatlón	Heptatlón	Heptatlón	Exathlón	Pentatlón	Tríatlón	Tríatlón
	60	60	60	60	60	60	60	50
	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude
	Peso	Peso	Peso	Peso	Peso	Peso	Peso	Peso
	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura		
	60 v.	60 v.	60 v.	60 v.	60 v.	60 v.		
	Pértega	Pértega	Pértega	Pértega	1000			
1000	1000	1000	1000					

*Carreira máxima 15m

- Estará permitida a proba de 50 m en todas as categorías. Esta proba so se poderá celebrar no Pazo de Deporte de Riazor (A Coruña)
- Os atletas sub 14 non poderán tomar parte na proba de 3000 en PC.
- Os atletas Sub20 están autorizados a participar cos valos e os artefactos dos Sénior, así como o Heptatlón Sénior.
- Os atletas Sub18 están autorizados a participar cos valos e os artefactos dos Sub20 facéndoo extensible a Absoluto se o artefacto dos atletas Sub20 coincidise co Absoluto.

MULLERES

	Senior (00 ata master)	Sub23 (01-02-03)	Sub20 (04 e 05)	Sub18 (06 e 07)	Sub16 (08 e 09)	Sub14 (10 e 11)	Sub12 (12 a 13)	Sub10 -8 (14-17)
Carreiras	60	60	60	60	60	60	60	50
	200	200	200	200	-----	-----	-----	-----
	400	400	400	400	300	-----	-----	-----
	800	800	800	800	600	500	500	500
	1.500	1.500	1.500	1.500	1.000	1.000	1.000	1.000
	3.000	3.000	3.000	3.000	3.000	2.000	-----	-----
Valos	60 (0,84)	60 (0,84)	60 (0,84)	60 (0,762)	60 (0,762)	60 (0,762)	-----	-----
Saltos	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura
	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude
	Triplo	Triplo	Triplo	Triplo	Triplo	Triplo *	-----	-----
	Pértega	Pértega	Pértega	Pértega	Pértega	Pértega	-----	-----
Lanz.	Peso (4 k)	Peso (4 k)	Peso (4 k)	Peso (3 kg)	Peso (3 kg)	Peso (3 kg)	Peso (2 kg)	Peso (1 kg)
Combinadas	Pentatlón	Pentatlón	Pentatlón	Pentatlón	Pentatlón	Tetratlón	Tríatlón	Tríatlón
	60 v.	60 v.	60 v.	60 v	60 v	60 v	60	50
	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Peso	Lonxitude	Lonxitude
	Peso	Peso	Peso	Peso	Peso	Lonxitude	Peso	Peso
	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	60		
	800	800	800	800	600			

*Carreira máxima 15m

- Estará permitida a proba de 50 m en todas as categorías. Esta proba so se poderá celebrar no Pazo de Deporte de Riazor (A Coruña)
- Os atletas sub 14 non poderán tomar parte na proba de 3000 en PC.
- As atletas Sub18 están autorizadas a participar cos valos e os artefactos das atletas Sub 20 facéndoo extensible a Absoluto se o artefacto dos atletas Sub20 coincidise co Absoluto

ALTURA E DISTANCIA DE VALOS

Distancia da proba	Número de valos	Altura dos valos	Categoría dos atletas	Distancia saída 1º valo	Distancia entre valos	Distancia ult. valo a meta
HOMES						
60	5	1,067	Senior-Sub23.	13,72	9,14	9,72
60	5	0,990	Sub20	13,72	9,14	9,72
60	5	0,914	Sub18	13,72	9,14	9,72
60	5	0,914	Sub16	13	8,50	13
60	5	0,84	Sub14	12,30	8,20	14,90
MULLERES						
60	5	0,84	Senior-Sub23-Sub20	13	8,50	13
60	5	0,762	Sub18-Sub16	13	8,50	13
60	5	0,762	Sub14	12,30	8,20	14,90



Art. 2) Participación

Poderán tomar parte na súa proba respectiva, en competicións oficiais, todos os atletas que, estando en posesión da correspondente licenza federativa, debidamente dilixenciada para a tempada e sempre que non exista sobre eles sanción de ningunha clase na data fixada para a inscrición, teñan igualado ou mellorado as marcas mínimas fixadas para cada competición. Normalmente nas probas efectuarase unha repesca de atletas sen mínima, sempre e cando se realice a inscrición, polo que se recomenda realizar a inscrición de atletas que estean próximos á mínima. Os atletas estranxeiros non poderán ser repescados.

Non se admitirán como mínimas as marcas conseguidas con vento superior ao regulamentado.

Art. 3) A proba de 200m que se celebrará nos Campionatos de Galicia de Pista Cuberta nas categorías Absoluta, Sub23, Sub20 e Sub18, realizarase baixo os seguintes condicionantes:

Pista de 6 rúas

Programaranse 4 semifinais e final da proba dos 200m, no caso de aceptarse máis de 16 corredores, as peores marcas correrán as primeiras roldas polas rúas 2 e 1, por orde de marcas de inscrición. .

A asignación de rúas entre os atletas participantes realizarase en función ao ranking de marcas (normativa WA), é dicir, que para a primeira eliminatoria teranse en conta as marcas atletas, sorteándose as rúas 5 e 6 entre as dúas mellores marcas que correspondan aos atletas da mesma serie (segundo sorteo), e as rúas 3 e 4 entre os seguintes.

Para as finais, pasarán 8 atletas, realizándose 2 finais, pasando os gañadores de cada serie e os 4 mellores tempos.

Final 1	
- O gañador da semifinal máis rápida	Sortearán polas rúas 5 e 6
- O gañador da segunda semifinal máis rápida	
- O terceiro atleta por tempos	Sortearán polas rúas 3 e 4
- O cuarto atleta por tempos.	
Final 2	
- O gañador da terceira semifinal máis rápida	Sortearán polas rúas 5 e 6
- O gañador da cuarta semifinal máis rápida	
- O primeiro atleta clasificado por tempos	Sortearán polas rúas 3 e 4
- O segundo atleta clasificado por tempos	

A clasificación final da proba de 200m realizarase conxuntamente coas 2 Finais, sendo o vencedor o que consiga a mellor marca, o segundo clasificado será o que consiga a segunda mellor marca e o terceiro clasificado o que consiga a terceira mellor marca, e así sucesivamente ata o oitavo clasificado, independentemente da Final na que corran.

Pista de 4 rúas

Nas eliminatorias, semifinais e final da proba dos 200m non se utilizará a rúa 1. A asignación de rúas entre os atletas participantes realizarase en función ao ranking de marcas (normativa WA), é dicir, que para a primeira eliminatoria teranse en conta

as marcas mínimas conseguidas polos atletas, sorteándose as rúas 3 e 4 entre as dúas mellores marcas que correspondan aos atletas da mesma serie (segundo sorteo), e a rúa 2 será para o seguinte atleta.

Para as semifinais, pasarán 9 atletas, realizándose 3 semifinais. A asignación de rúas realizarase de igual maneira, segundo establece a WA para carreiras en pista cuberta. Á final pasarán 6 atletas: o primeiro clasificado de cada unha das semifinais, máis os 3 mellores tempos.

Na final realizaranse 2 finais, Final 1 e Final 2. A composición das Finais realizarase da seguinte maneira:

Final 1	
- O gañador da semifinal máis rápida	Sortearán polas rúas 3 e 4
- O gañador da segunda semifinal máis rápida	
- O segundo atleta clasificado por tempos	Correrá pola rúa 2
Final 2	
- O gañador da terceira semifinal máis rápida	Sortearán polas rúas 3 e 4
- O primeiro atleta clasificado por tempos	
- O terceiro atleta clasificado por tempos	Correrá pola rúa 2

No resto de carreiras, as finais correranse entre as mellores marcas.

No 400 farase un sorteo entre as dúas mellores marcas para saír polas rúas 5 e 6, entre a terceira e cuarta mellor marca para saír polas rúas 3 e 4 e a quinta e sexta marca para saír polas rúas 1 e 2.

3.3.4. Normas xerais de Pista ao Aire Libre

Para que unha competición sexa recoñecida como oficial pola Federación Galega de Atletismo e os seus resultados sexan homologados, cómpre:

- Que figure no Calendario da FGA da presente tempada en tempo e forma.
- Que o Xurado estea composto por membros do Comité Galego de Xuíces.
- Que como mínimo estean programadas e se compita en tres probas, con tres atletas como mínimo en cada unha delas, agás os relevos que poderán participar dous equipos; competicións de máster (especificado no seu regulamento particular). Quedan exentos desta normativa todos os Campionatos de Galicia, nos que se aceptarán como válidas todas as marcas, independentemente do número de participantes.
- Que as idades e probas a disputar se axusten ao articulado por cada categoría pola RFEA (excepto autorizacións particulares permitidas pola FGA).

Art.1) Probas autorizadas ao Aire Libre, por categorías

HOMES

	Senior (00 ata master)	Sub23 (01-02-03)	Sub20 (04 e 05)	Sub18 (06 e 07)	Sub16 (08 e 09)	Sub14 (10 e 11)	Sub12 (12 a 13)	Sub10 -8 (14-17)
Carreiras	100	100	100	100	100	80	60	50
	200	200	200	200	-----	150	-----	-----
	400	400	400	400	300	-----	-----	-----
	800	800	800	800	600	500	500	500
	1.500	1.500	1.500	1.500	1.000	1.000	1.000	1.000
	5.000	5.000	5.000	3.000	3.000	3.000	2.000	2.000
	10.000	10.000	10.000	5.000	-----	-----	-----	-----
Ruta	M. Maratón	M. Maratón	M. Maratón	10km	-----	-----	-----	-----
	Maratón	Maratón						
	100km	100km						
Trail	Sen límite	Sen límite	15 km Máx.	-----	-----	-----	-----	-----
Valos	110 (1,067)	110 (1,067)	110 (1,00)	110 (0,914)	100 (0,91)	80 (0,84)	-----	-----
	400 (0,914)	400 (0,914)	400 (0,91)	400 (0,84)	300: 0,84)	220 (0,76)	-----	-----
	3.000 obs.	3.000 obs.	3.000 obs.	2.000 0 ,91	1.500 0 0,76	1.000 0 0,76	-----	-----
Saltos	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura
	Pértega	Pértega	Pértega	Pértega	Pértega	Pértega	-----	-----
	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude
	Triplo	Triplo	Triplo	Triplo	Triplo	Triplo ***	-----	-----
Lanzamen.	Peso: 7,260	Peso: 7,260	Peso: 6 k	Peso: 5k	Peso: 4k	Peso: 3	Peso: 2k	Peso: 1k
	Disco (2kg)	Disco: 2kg	Disco 1.75	Disco 1,5kg	Disco 1kg	Disco 800	-----	-----
	Xavel. 800	Xavel. 800	Xavel. 800	Xavel. 700	Xavel. 600	Xavel. 500	Pelota (300gr)	Pelota (200gr)
	Martelo (7,260)	Martelo (7,260)	Martelo (6kg)	Martelo (5kg)	Martelo (4kg)	Martelo (2kg)	-----	-----
Relev.	4 x 100	4 x 100	4 x 100	4 x 100	4 x 100	4 x 80	4 x 60	4 x 50
	4 x 400	4 x 400	4 x 400	4 x 400	4 x 300			
March.	20 km	20 km	10 km	5 km	5 km	2-3km	2 km	1 km
	50 km	50 km	20 km	10 km	10 km	5 km	3 km	2 km
P. Combinadas	Décathlon	Décathlon	Décathlon	Décathlon	Octatlon	Exathlon	Triatlón	Triatlón
	100	100	100	100	100	80	60	50
	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Peso(4kg)	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude
	Peso	Peso	Peso (6kg)	Peso (5kg)	Altura	Peso	Peso	Peso
	Altura	Altura	Altura	Altura	Disco(1kg)			
	400	400	400	400				
	110v	110v	110v (1,00)	110v (0,91)	100v(0,91)	80v: 0.84		
Disco	Disco	Disc.1,750	Disco: 1,5k	Pértega	Altura			
Pértega	Pértega	Pértega	Pértega	Pértega	Xavel.600	Xavel.500		
	Xavelina	Xavelina	Xavel.800	Xavel.700g	1.000			
	1.500	1.500	1.500	1.500				

Os atletas Sub20 están autorizados a participar cos valos e os artefactos de Sénior, así como o Decatlón Sénior. Os atletas Sub18 están autorizados a participar cos valos e os artefactos dos atletas Sub20 facéndoo extensible a Absoluto se o artefacto dos atletas Sub20 coincidise co Absoluto.

MULLERES

	Senior (00 ata master)	Sub23 (01-02-03)	Sub20 (04 e 05)	Sub18 (06 e 07)	Sub16 (08 e 09)	Sub14 (10 e 11)	Sub12 (12 a 13)	Sub10 -8 (14-17)
Carreiras	100	100	100	100	100	80	60	50
	200	200	200	200	----	150	----	----
	400	400	400	400	300	----	----	----
	800	800	800	800	600	500	500	500
	1.500	1.500	1.500	1.500	1.000	1.000	1.000	1.000
	5.000	5.000	3.000	3.000	3.000	3.000	2.000	2.000
Ruta	10.000	10.000	5.000	5.000	----	----	----	----
	M.Maratón	M.Maratón	10.000	----	----	----	----	----
	Maratón	Maratón						
	100km	100km						
Trail	Sen límite	Sen límite	15 km Máx.	-----	-----	-----	-----	-----
Valos	100 (0,84)	100 (0,84)	100 (0,84)	100 (0,762)	100 (0,762)	80 (0,762)	-----	-----
	400 (0,762)	400 (0,762)	400 (0,762)	400 (0,762)	300 (0,762)	220 (0,762)	-----	-----
	3.000 obs (0,762)	3.000 obs (0,762)	3.000 obs (0,762)	2.000 obs (0,762)	1.500 obs (0,762)	1.000 obs (0,762)	-----	-----
Saltos	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura
	Pértega	Pértega	Pértega	Pértega	Pértega	Pértega	-----	-----
	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude
	Triplo	Triplo	Triplo	Triplo	Triplo	Triplo ***	-----	-----
Lanzamen.	Peso (4kg)	Peso (4kg)	Peso (4kg)	Peso (3kg)	Peso (3kg)	Peso (3kg)	Peso (2kg)	Peso (1kg)
	Disco (1kg)	Disco (1kg)	Disco (1kg)	Disco (1kg)	Disco (800gr)	Disco (800gr)	-----	-----
	Xavelina (600gr)	Xavelina (600gr)	Xavelina (600gr)	Xavelina (500gr)	Xavelina (500gr)	Xavelina (400gr)	Pelota (300gr)	Pelota (200gr)
	Martelo (4kg)	Martelo (4kg)	Martelo (4kg)	Martelo (3kg)	Martelo (3kg)	Martelo (2kg)	-----	-----
Relev.	4 x 100	4 x 100	4 x 100	4 x 100	4 x 100	4 x 80	4 x 60	4 x 50
	4 x 400	4 x 400	4 x 400	4 x 400	4 x 300			
March.	10 km	10 km	5 km/10 km	5 km	3 km	2 km/3 km	2 km	1 km
	20 km	20 km	20 km	10 km	5 km	5 km	3 km	2 km
P. Combinadas	Heptatlón	Heptatlón	Heptatlón	Heptatlón	Exatlón	Pentatlón	Triatlón	Triatlón
	100 v.	100 v.	100 v.	100 v.	100 v.	80 v.	60	50
	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Lonxitude	Lonxitude
	Peso	Peso	Peso	Peso	Peso	Peso	Peso	Peso
	200	200	200	200		Lonxitude		
	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Xavelina		
	Xavelina	Xavelina	Xavelina	Xavelina	Xavelina			
800	800	800	800	600				

***Carreira máxima 15m

As atletas Sub18 están autorizadas a participar cos valos e os artefactos Sub20, así como o Heptatlón Sub20 facéndoo extensible a Absoluto se o artefacto das atletas Sub20 coincidise co Absoluto.

Art 2). Altura e distancia de valos e obstáculos. AIRE LIBRE

Proba	Número de valos	Altura do valo	Categoría dos atletas	Distancia dende a saída ao 1º valo	Distancia entre valos	Distancia do último valo a meta
HOMES						
80	8	0,84	Sub14	12,30	8,20	10,30
100	10	0,914	Sub16	13	8,50	10,50
110	10	0,914	Sub18	13,72	9,14	14,02
110	10	1,00	Sub20	13,72	9,14	14,02
110	10	1,067	Senior-Sub23	13,72	9,14	14,02
220	5	0,762	Sub14	40	35	40
300	7	0,84	Sub16	50	35	40
400	10	0,84	Sub18	45	35	40
400	10	0,914	Sen-S23-S20	45	35	40
MULLERES						
80	8	0,762	Sub14	12,30	8,20	10,30
100	10	0,762	Sub16-Sub18	13	8,50	10,50
100	10	0,84	Sen-S23-S20	13	8,50	10,50
220	5	0,762	Sub14	40	35	40
300	7	0,762	Sub16	50	35	40
400	10	0,762	Sub18	45	35	40
400	10	0,762	Sen-S23-S20	45	35	40

Art 3). Normas de competición para probas de Obstáculos de Menores

2.000m obstáculos Sub18

Haberá 5 obstáculos por volta completa, sendo o paso da ría o cuarto dos mesmos (agás na 1ª volta que é o 2º)

A altura dos obstáculos e do obstáculo da ría será de 0,84m para homes e 0,762m para mulleres.

Haberá 18 pasos de obstáculos e 5 saltos de ría.

1.500m obstáculos Sub16

Haberá 5 obstáculos por volta completa, sendo o paso da ría el cuarto dos mesmos. Non haberá ningún obstáculo no traxecto entre a saída e a liña de saída dos 100m, tendo aqueles retirados nesa primeira volta ata a liña de saída dos 100m. Sendo por tanto, o primeiro obstáculo o situado na recta principal.

A altura dos obstáculos e do obstáculo da ría será de 0,762m.

Haberá 13 pasos de obstáculos e 3 saltos de ría.

1.000m obstáculos Sub14 homes e mulleres

Haberá 5 obstáculos por volta completa, sendo o paso da ría o cuarto dos mesmos. Non haberá ningún obstáculo no traxecto entre a saída e o comezo da primeira volta, tendo aqueles retirados ata que os participantes teñan iniciada a dita primeira volta. Sendo, por tanto, o primeiro obstáculo o situado na curva nada máis comezar a volta.

A altura dos obstáculos e do obstáculo da ría será de 0,762m.

Haberá 8 pasos de obstáculos e 2 saltos de ría.

3.4. Normativa específica de Master

3.4.1. Normas Xerais

Art. 1) Grupos de idade

HOMES	MULLERES
M35: de 35 a 39 anos	F-35 De 35 a 39 anos
M-40 De 40 a 44 anos	F-40 De 40 a 44 anos
M-45 De 45 a 49 anos	F-45 De 45 a 49 anos
M-50 De 50 a 54 anos	F-50 De 50 a 54 anos
M-55 De 55 a 59 anos	F-55 De 55 a 59 anos
M-60 De 60 a 64 anos	F-60 De 60 a 64 anos
M-65 De 65 a 69 anos	F-65 De 65 a 69 anos
M-70 De 70 a 74 anos	F-70 De 70 a 74 anos
M-75 De 75 a 79 anos	F-75 De 75 a 79 anos
M-80 De 80 a 84 anos	F-80 De 80 a 84 anos
M-85 De 85 a 89 anos	F-85 De 85 a 89 anos
M-90 De 90 a 94 anos	F-90 De 90 a 94 anos

Art. 2) Para competir nos Campionatos de Galicia é imprescindible estar en posesión da licenza federativa .

Art. 3) É obrigatoria a participación coa equipación oficial do club do/a atleta.

Art. 4) Autorízase a participación de 2 ó 1 atleta unicamente, no sendo necesaria a presenza de 3 atletas para disputar unha proba.


Art. 5) Nas probas de valados de igual distancia pero distinta altura de valados autorízase a correr ó mesmo tempo.

Art. 6) Nas probas de velocidade os/as atletas Master non están obrigados a utilizar tacos de saída, nin a realizar unha saída agachada, nin a ter as dúas mans en contacto con la pista.

Art. 7) Durante un Campionato, cada atleta participará na categoría que lle corresponde o primeiro día do mesmo e non participará en ningunha outra categoría. Si poderán participar aqueles/as atletas que cumbran os 35 anos durante o campionato (dende o día que os cumbran).

Art. 8) Permítese que homes e mulleres podan competir xuntos sendo válidos os resultados e récord obtidos.

Art. 9) Saídas nulas segundo normativa WA.



Art. 10) Altura e distancia dos valados:

PISTA CUBERTA						
HOMES						
Idade	Proba	Nº valados	Altura valados	1º valado	Distancia entre valados	Distancia primeiro valado
35-49	60	5	0,991	13,72	9,14	9,72
50-59	60	5	0,914	13,00	8,50	13,00
60-69	60	5	0,840	12,00	8,00	16,00
70-79	60	5	0,762	12,00	7,00	20,00
80 e +	60	5	0,686	12,00	7,00	20,00
MULLERES						
35-39	60	5	0,840	13,00	8,50	13,00
40-49	60	5	0,762	12,00	8,00	16,00
50-59	60	5	0,762	12,00	7,00	20,00
60 e + 60	60	5	0,686	12,00	7,00	20,00

AIRE LIBRE						
HOMES						
Idade	Proba	Nº valados	Altura valados	1º valado	Distancia entre valados	Distancia primeiro valado
35-49	110	10	0,991	13,72	9,14	14,02
50-59	100	10	0,914	13,00	8,50	10,50
60-69	100	10	0,840	12,00	8,00	16,00
70-79	80	8	0,762	12,00	7,00	19,00
80 e +	80	8	0,686	12,00	7,00	19,00
35-49	400	10	0,914	45,00	35,00	40,00
50-59	400	10	0,840	45,00	35,00	40,00
60-69	300	7	0,762	50,00	35,00	40,00
70-79	300	7	0,686	50,00	35,00	40,00
80 e +	200	5	0,686	20,00	35,00	40,00



AIRE LIBRE						
MULLERES						
Idade	Proba	Nº valados	Altura valados	1º valado	Distancia entre valados	Distancia primeiro valado
35-39	100	10	0,840	13,00	8,50	10,50
40-49	80	8	0,762	12,00	8,00	12,00
50-59	80	8	0,762	12,00	7	19,00
60 e +	80	8	0,686	12,00	7,00	19,00
MULLERES						
35-40	400	10	0,762	45,00	35,00	40,00
50-59	300	7	0,762	50,00	35,00	40,00
60-60	300	7	0,686	50,00	35,00	40,00
70 e+	200	5	0,686	20,00	35,00	40,00

Altura e distancia dos obstáculos:

HOMES			
35-49	3.000	28+7	0,914
50-59	3.000	28+7	0,914
60 e+	2.000	18+5	0,762
MULLERES			
Todas	2.000	18+5	0,762

Art.11) Peso dos artefactos

IDADE	PESO	DISCO	MARTELO	XAVALINA	MARTELO PESADO
HOMES					
35-49	7,260kg	2,00kg	7,260kg	800g	15,88kg
50-59	6,00 kg	1,50 kg	6,00 kg	700g	11,34kg
60-69	5,00kg	1,00kg	5,00g	600g	9,08kg
70-79	4,00 kg	1,00kg	4,00g	500g	7,26kg
80 e+	3,00kg	1,00kg	3,00g	400g	5,45kg
MULLERES					
35-49	4,00kg	1,00kg	4,00kg	600g	9,08kg
50-59	3,00kg	1,00 kg	3,00kg	500g	7,26kg
60-74	3,00kg	1,00kg	3,00kg	5,00g	5,45kg

3.5. Campionatos de Galicia a celebrar

<ul style="list-style-type: none"> • Campionato de Galicia Absoluto e Sub23 de Pista Cuberta • Campionato de Galicia Sub20 e Sub18 de Pista Cuberta • Campionato de Galicia Sub16 de Pista Cuberta • Campionato de Galicia Sub10, Sub12 e Sub14 de Pista Cuberta • Campionato de Galicia Máster de Pista Cuberta • Campionato de Galicia de P. Combinadas (Sub16 ata Absoluto) de Pista Cuberta • Copa de Clubs Absoluta de Pista Cuberta • Copa de Clubs Máster de Pista Cuberta • Campionato de Galicia de Clubs de P. Combinadas e Master individual de P. Combinadas Pista Cuberta (en cada Campionato)
<ul style="list-style-type: none"> • Campionato de Galicia Absoluto Pista ao Aire Libre • Campionato de Galicia Sub23 e Sub20 Pista ao Aire Libre • Campionato de Galicia Sub18 e Sub16 Pista ao Aire Libre • Campionato de Galicia Sub10, Sub12 e Sub14 Pista ao Aire Libre • Campionato de Galicia Máster Individual Pista ao Aire Libre • Campionato de Galicia de P. Comb. de Sub14 e superiores Pista ao Aire Libre • Campionato de Galicia de 10.000 metros Pista ao Aire Libre "Alejandro Gómez" • Campionato de Galicia de Marcha de Invierno de Pista ao Aire Libre • Campionato de Galicia de P. Combinadas Máster Pista ao Aire Libre
<ul style="list-style-type: none"> • C.G Lanzamentos Largos Inverno Absoluto e Sub20 Pista ao Aire Libre • C.G.Lanzamentos Largos Inverno Sub18 e Sub16 Pista ao Aire Libre • Campionato de Galicia de Relevos por Clubs Pista ao Aire Libre • C.G. P. Combinadas de Clubs Sub14 e superiores Pista ao Aire Libre • Campionato de Galicia Absoluto de Clubs Pista ao Aire Libre • Campionato de Galicia de Clubs Sub20 y Sub16 Pista ao Aire Libre • C. Galicia de Clubs Sub10, Sub12 y Sub14 Pista ao Aire Libre • Campionato de Galicia de Clubs Máster Pista ao Aire Libre
<ul style="list-style-type: none"> • Campionato de Galicia Absoluto de Campo a Través • Campionato de Galicia Sub16 e Sub18 de Campo a Través e de Relevos Mixto. Memorial A.Lorenzo • Campionato de Galicia Máster de Campo a Través • Campionato de Galicia de Montaña • Campionato de Galicia de Trail
<ul style="list-style-type: none"> • Campionato de Galicia Maratón • Campionato de Galicia Media Maratón • Campionato de Galicia de 10 Km • Campionato de Galicia de 5 Km • Campionato de Galicia da Milla e 1 Km Menores • Campionato de Galicia de Marcha en Ruta